



Concello de Boiro

ORDENANZAS FISCAIS vixentes no 2018

Nº	ORDENANZA	Pax.
1	Imposto sobre actividades económicas. - IAE -.....	
2	Imposto sobre vehículos de tracción mecánica. - IVTM -.....	
3	Imposto sobre bens inmoables - IBI -.....	
4	Imposto s/o incremento do valor dos terreos de natureza urbana- Plusvalía	
5	Imposto sobre construcións, instalacións e obras - ICIO -	
6	Taxa por licencias urbanísticas	
7	Taxa por licencia de comunicacións previas, declaracións de responsables e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos	
8	Taxa por expedición de documentos administrativos	
9	Taxa por subministro de auga	
10	Taxa de sumidoiro	
11	Taxa de recollida de lixo	
12	Taxa polo servizo de cemiterios	
13	Taxa pola prestación de servizos no mercado municipal.....	
14	Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo da vía pública.....	
15	Taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, taboados, quioscos e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.....	
16	Taxa por instalacións de postos, barracas , casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreos de uso público local, así como industrias na rúa e ambulantes.....	

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

17	Taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga ou descarga de mercancías de calquera clase (vados...).....	
18	Taxa pola inmovilización, retirada e depósito de vehículos na vía pública. (Servicio de grúa).....	
19	Taxa polo estacionamento de vehículos de tracción mecánica en recintos de titularidade ou explotación municipal. (parking municipal).....	
20	Taxa pola ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción , valos, puntais, andamios e outros materiais de construción.....(MUDANZAS).....	
21	Prezo público da prestación do servizo de axuda a domicilio (S.A.D.).....	
22	Contribucións especiais	
23	Taxa prestación servizos municipais de intervención en materia de seguridade cidadá	
24	Taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil	
25	Prezo público pola prestación de servizos de carácter educativo, social, cultural e deportivo	
26	Taxa matrimonios civís	
27	Taxa polo servizo de limpeza de parcelas, solares e edificacións	
28	Taxa polo servizo da piscina e do pabillón municipal de A Cachada	

Concello de Boiro



Concello de Boiro

Ordenanza fiscal nº1 .- IMPOSTO SOBRE SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Artigo 1º

Este Concello , de conformidade co que establece o artigo 59 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esixirá neste termo municipal o Imposto sobre actividades económicas, de acordo co que se preceptúa na presente Ordenanza.

Artigo 2º

Constitúe o feito imponible deste Imposto o mero exercicio de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, se exerzan ou non en local determinado, e se topen ou non especificados nas tarifas do Imposto.

Artigo 3º

De conformidade co que establece o artigo 87 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo a redacción dada polo artigo 8 da Lei 22/93, de 30 de decembro, de medidas fiscais , de reforma do réxime xurídico da función pública e da protección por desemprego, establécese sobre as cotas mínimas fixadas nas tarifas do Imposto, un coeficiente único do 1% para tódalas actividades exercidas neste termo municipal.

Artigo 4º

De acordo co establecido no artigo 88.2 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, terán dereito a unha bonificación de ata o 95 por cento sobre o cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- a) Un 95 por 100 da cota íntegra pola creación ou incremento de máis de 20 postos de traballo.
- b) Un 75 por 100 da cota íntegra polo creación ou incremento de entre 11 e 20 postos de traballo
- c) Un 50 por 100 da cota íntegra pola creación ou incremento de ata 10 postos de traballo.

2.- O prazo de aplicación desta bonificación, partindo do establecido no artigo 82.1 aptdo b) do TRLRFL no que se indica que *<<están exentos os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto no que se desenrole aquela>>*, será :

- No caso de continuar coa actividade económica ou empresarial que se viña desenrolando, dende o período impositivo seguinte do que efectivamente se amplíen as instalacións e se creen os novos postos de traballo.
- No caso de inicio dunha nova actividade empresarial, no terceiro período impositivo contado dende o que se inicie a nova actividade económica ou empresarial de maneira efectiva, sempre que no segundo exercizo da actividade se creasen postos de traballo en maior ou igual contía a prevista na declaración responsable, nos termos nos que está establecido no artigo 89.2 en canto ao período impositivo.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

-En todo caso, non se considerará que se produciu “o inicio do exercicio dunha actividade” cando esta se tivera desenrolado anteriormente baixo outra titularidade, circunstancia que se entenderá que concorre, entre outros supostos, nos casos de fusión, escisión ou aportación de ramas de actividade.

- O prazo de aplicación desta bonificación será, un máximo de tres períodos impositivos. A solicitude de prórroga deberá facerse de forma expresa por parte do interesado, seguindo o establecido no apartado 5 deste mesmo artigo.

3.- Para o goce desta bonificación, os interesados deberán presentar escrito dirixido ó Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Boiro durante o ano no que se inicie unha nova actividade económica ou empresarial de maneira efectiva, ou no caso de continuar coa actividade económica ou empresarial que se viña desenrolando se amplíen as instalacións, a seguinte documentación:

Declaración censal do IAE.

- Declaración responsable do representante legal da empresa no que indique o número de postos creados acompañados dos correspondentes contratos laborais.
- Licenza de Obra da instalacións onde se desenrole a actividade económica ou empresarial para a que se solicita a bonificación, ou de ser o caso contrato de aluguer.

4.-Á vista da documentación presentada, o Pleno do Concello de Boiro dictará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concederase polo pleno condicionada a comprobación da efectiva creación e mantemento das prazas. A comprobación delegase polo pleno en Xunta de Goberno Local, e realizarase da seguinte maneira:

- A empresa beneficiaria da bonificación deberá presentar antes do día 15 de decembro do ano anterior o que se vaia aplicar a bonificación, así como nos anos nos que solicite a prórroga da mesma, os RNT (antigoTC2), dende NOVEMBRO do exercicio anterior ata OUTUBRO do exercicio en curso, a efectos de poder comprobar polo concello o mantemento dos postos de traballo que deron lugar a bonificación.
- Os postos de traballo serán valorados pola Xunta de goberno local como media de postos existentes en cada exercicio na empresa.
- No exercicio no que se concede a bonificación a media do número de postos creados debe ser igual a un número que de lugar o tramo de bonificación solicitada, senón dará lugar a perda automática da bonificación.

5.-A prórroga deberá solicitarse expresamente antes do 15 de decembro do exercicio anterior para o que se pretende solicitar a prórroga da bonificación, cun máximo de dous períodos impositivos seguintes a aquel para o que se concedeu a bonificación inicialmente, para elo deben:

5.1.- Declaración responsable do representante legal da empresa no que indique o número de postos que se manterán no exercicio en curso dos creados anteriormente e que deron lugar a bonificación.

5.2.- Antes do día 15 de decembro do exercicio anterior o ano nos que se pretende se aplique a prórroga da mesma, os RNT (antigoTC2), dende NOVEMBRO do exercicio anterior ata OUTUBRO do exercicio en curso, a efectos de poder comprobar polo concello o mantemento dos postos de traballo que deron lugar a bonificación

. Unha vez comprobado pola Xunta de Goberno a media dos postos de traballo existentes no exercicio, procederá da seguinte maneira o Pleno acorda delegar a toma decisión nos seguintes termos:

Concello de Boiro



Concello de Boiro

5.2.1 Se mantén os mesmos postos, ou o incremento ou diminución permite o mantemento no mesmo tramo de bonificación, acordarase a prórroga nos termos iniciais.

5.2.2 No caso de que que pola creación de máis postos de traballo no exercicio da prórroga de lugar a un cambio de tramo na bonificación, acordarase a bonificación que lle corresponda coa prórroga.

5.2.3 No caso de que que pola diminución de postos de traballo no exercicio no que se solicita a prórroga, de lugar a un cambio de tramo na bonificación, acordarase abonificación que lle corresponda coa prórroga

En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo establecido no apartado 3, dará lugar a inadmisión desta e a conseguinte denegación da bonificación

Artigo 5º

No que non se prevea expresamente na presente Ordenanza rexerán os preceptos establecidos no RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza foi publicada no BOP nº 50 de 14/03/2018 e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, continuando en vigor ata que o Concello, en tempo e forma, acorde a súa modificación ou derogación.



Concello de Boiro

Ordenanza fiscal nº 2 .- IMPOSTO S/ VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Artigo 1. Cota tributaria

O imposto esixirase dacordo co seguinte cadro de tarifas:

COTA	
TURISMOS	
De menos de 8 cabalos fiscais	20,19
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	54,53
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	115,10
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	143,38
De 20 cabalos fiscais en adiante	179,20
AUTOBUSES	
De menos de 21 prazas	133,28
De 21 a 50 prazas	189,82
De máis de 50 prazas	237,28
CAMIÓNS	
De menos de 1.000 kg de carga útil	67,65
De 1.000 kg a 2.999 kg de carga útil	133,28
De 2.999 kg a 9.999 kg de carga útil	189,82
De máis de 9.999 kg de carga útil	237,28
TRACTORES	
De menos de 16 cabalos fiscais	28,27
De 16 a 25 cabalos fiscais	44,43

Concello de Boiro



Concello de Boiro

De máis de 25 cabalos fiscais	133,28
REMOLQUES	
De menos de 1.000 kg de carga útil	28,27
De 1.000 kg a 2.999 kg de carga útil	44,43
De máis de 2.999 kg de carga útil	133,28
OUTROS VEHÍCULOS	
Ciclomotores	7,07
Motocicletas ata 125 cc	7,07
Motocicletas de máis de 125 cc ata 250 cc	12,11
Motocicletas de máis de 250 cc ata 500 cc	24,24
Motocicletas de máis de 500 cc ata 1.000 cc	48,46
Motocicletas de máis de 1.000	96,93

Estas tarifas son o resultado de aplicar o coeficiente de incremento de 1,6 ao cadro de tarifas do artigo 95 do Real Decreto Legislativo 2/2004, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais

Nos casos de vehículos nos que apareza na tarxeta de inspección técnica a distinción na determinación da carga entre MMA (masa máxima autorizada) e MTMA (masa máxima tecnicamente admisible), se estará, aos efectos da súa tarifación, aos kilos expresados na MMA, que corresponde á masa máxima para a utilización dun vehículo con carga en circulación polas vías públicas, conforme ao indicado no RXV. Este peso será sempre inferior ou igual ao MTMA.

Artigo 2. Xestión

1.- No caso de primeira adquisición de vehículo ou reforma que altere a súa clasificación aos efectos deste imposto, o suxeito pasivo estará obrigado a practicar autoliquidación no prazo dos trinta días seguintes á adquisición ou reforma debendo realizar o ingreso da débeda tributaria resultante nas entidades de crédito debidamente autorizadas:

No impreso habilitado ao efecto pola administración tributaria local acompañando a ficha técnica do vehículo e do DNI

2. Cando se trate de vehículos xa matriculados, a recadación das cotas xestionarase mediante a emisión de recibos en base ao padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxectos ao imposto.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

3. O padrón exporase ao público por un prazo de 15 días para que os interesado poidan examinalo e facer as oportunas reclamacións. A exposición anunciarase mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e producirá os efectos da notificación colectiva prevista no art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria

4. Procederá prorrateo das cotas por trimestres naturais no caso de baixa definitiva ou baixa temporal por sustracción ou roubo. A devolución por aplicación do imposto rexerese polo disposto no artigo 31 da LXT. O expediente somentes será incoado a instancia do interesado.

Artigo 3. Exención vehículos para persoas con mobilidade reducida

En relación á exención establecida no art. 93.1.e) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberase achegar a seguinte documentación:

a) Vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo e conducidos por eles:

- certificado da minusvalía emitido polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia ou, ter a condición de minusválido nos termos previstos na Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, e acreditalo de acordo co disposto no Real decreto 1414/2006, de 1 decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade aos efectos da Lei 51/2003.
- declaración xurada de uso exclusivo polo beneficiario da exención e póliza de seguro onde conste expresamente que o titular, tomador e conductor habitual do vehículo é o mesmo beneficiario desta exención.
- declaración xurada na que se indique que o solicitante non disfruta desta mesma exención referida a outro vehículo

b) No caso de vehículos destinados ao transporte de persoas con discapacidade:

- declaración xurada de uso exclusivo polo beneficiario da exención
- certificado da minusvalía emitido polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia ou, ter a condición de minusválido nos termos previstos na Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, e acreditalo de acordo co disposto no Real decreto 1414/2006, de 1 decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade aos efectos da Lei 51/2003.

O beneficiario somentes poderá disfrutar desta exención por un vehículo.

As concesións das exencións só surtirán efecto para os períodos impositivos, non devengados, seguintes ao da solicitude.

Constituirá infracción tributaria e poderá impoñerse a sanción tributaria máxima establecida pola normativa tributaria, aos suxeitos pasivos que, disfrutando da anterior exención, permitan a utilización do vehículo que da lugar á mesma por terceiros, salvo nos casos excepcionais que deberán poñer previamente en coñecemento do Concello, ou cando as circunstancias que motivaron a concesión da exención cambiasen e non se comunicara ao Departamento de Recadación do

Concello de Boiro



Concello de Boiro

Concello.

A exención está subordinada á que se manteñan as circunstancias que a motivaron. O Concello realizará periodicamente actuacións de inspección mediante requerimentos aos interesados para a aportación da documentación esixida neste artigo.

Art. 4 Exención para vehículos agrícolas

A exención establecida no art. 93.1.g) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberanse achegar a seguinte documentación:

- copia da ficha técnica do vehículo
- copia acreditativa da inscrición da maquinaria no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) regulado polo R.D. 1013/2009, de 19 de xuño
- permiso de circulación

Art. 5 Bonificación para vehículos históricos

1. Gozarán dunha bonificación do 100% na cota os vehículos históricos segundo o marcado polo RD 1247/95 de 14 de xullo polo que se aproba o Regulamento de vehículos históricos.

2. A bonificación deberá ser solicitada polo interesado e deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- DNI do solicitante
- Copia compulsada do permiso de circulación
- Ficha técnica do vehículo
- Documentación acreditativa da declaración como vehículo histórico do vehículo

Art 6.- Bonificación vehículos respetuosos medio ambiente

1. Gozarán dunha bonificación na cota do imposto os seguintes vehículos, tendo en conta a información da base de datos da Dirección Xeral de Tráfico (DXT):

- a. 50% de bonificación cunha duración indefinida para os vehículos que, segundo os datos obrantes na base de datos de vehículos do Rexistro Público da DXT, figuren clasificados na táboa de identificación de vehículos híbridos e eléctricos nas seguintes categorías: eléctricos de batería, eléctricos enchufables ou eléctricos de autonomía estendida.
- b. 50% de bonificación cunha duración indefinida para os vehículos que, segundo os datos obrantes na base de datos de vehículos do Rexistro Público da DXT, figuren clasificados na táboa de combustibles nas seguintes categorías: vehículos de gas licuado de petróleo, gas natural comprimido, gas natural licuado, hidróxeno, biometano, etanol ou biodiesel.
- c. 50% de bonificación durante 5 anos naturais, contados desde a data de primeira matriculación, para os vehículos que, segundo os datos obrantes na base de datos de vehículos do Rexistro Público da DXT, figuren clasificados na táboa de identificación de vehículos híbridos e eléctricos

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

como vehículos eléctricos híbridos.

➤ Os beneficios dos apartados a), b) e c) anteriores son incompatibles entre si.

➤ Os interesados deberán presentar a solicitude de bonificación con anterioridade ao día 31 de decembro ou, nos casos de primeira adquisición do vehículo, no momento da alta no padrón municipal, para que a bonificación lle sexa aplicada no exercicio seguinte o da solicitude. Para a concesión da bonificación será requisito imprescindible que o vehículo apareza na base de datos da DXT na categoría indicada.

DISPOSICION FINAL

● A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de 12/11/2009, publicada no BOP nº 274 de 31/12/2009 e corrección de erros BOP Nº 11 de 19 de xaneiro de 2010

● Foi modificada por acordo do Pleno en data 29/09/2016, resultas as alegacións no Pleno de 27 de decembro de 2016 e publicada no BOP nº 246 de 29/12/2016. No acordo definitivo consta: "Segundo.- "As exencións concedidas no IVTM ata de agora polo concepto de antiguidade quedarán sen efecto a partir do exercicio económico no que entre en vigor a modificación recollida no apartado anterior.

● Foi modificada por acordo Pleno do 7 de marzo de 2018, publicada no BOP n.º 50 de 14/03/2018 (modificación do art. 6 -prazo para solicitar a bonificación de vehículos respetuosos medio ambiente



Concello de Boiro

Ordenanza fiscal nº3 .- IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.-

ARTIGO 1.- Fundamento e natureza.-

O imposto sobre bens inmobles esixirase neste Concello de conformidade co disposto nos artigos 60 a 77 do Real Decreto Lexislativo 2/2005, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRFLFL), aplicándose sobre as ditas disposicións os elementos determinantes da cota tributaria que se regulan nos artigos seguintes da presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2.- Tipo de gravame.-

- 1.- O tipo de gravame aplicable os **bens inmobles urbanos** queda fixado no **0,4 por cento**.
- 2.- O tipo de gravame aplicable ós **bens inmobles rústicos** queda fixado no **0,4 por cento**.
- 3.- O tipo de gravame aplicable ós **bens inmobles de características especiais** queda fixado no **1 por cento**.

ARTIGO 3. -Exención por criterios de eficiencia e economía.-

Ó abeiro do disposto no artigo 62.4 do TRLRFL, establécese unha exención a prol dos bens inmobles nos que a cota tributaria líquida non superen a contía de:

- A) Nos bens inmobles rústicos: 3,60 euros
- B) Nos bens inmobles urbanos: 2,40 euros

ARTIGO 4.- Exención a prol dos centros sanitarios de titularidade pública.

De conformidade co previsto no artigo 62.3 do TRLRFL, gozarán de exención os bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, previa solicitude dos interesados.

Requisitos formais: Coa solicitude aportarase certificado do Organismo titular do centro sanitario, que acredite a afectación do centro ó cumprimento dos fins específicos dos mesmos.

ARTIGO 5.- Bonificación vivendas de protección oficial.-

As vivendas de protección oficial e as equiparables a estas segundo a Lei da Comunidade Autónoma, gozarán dunha bonificación do 50 por cento durante o prazo de tres anos contados dende o exercicio seguinte ó do outorgamento da calificación definitiva.

Esta bonificación terá que ser solicitada polo interesado en calquera momento anterior a terminación do prazo de tres anos e terá efectos dende o período seguinte ó da solicitude.

Os solicitantes deberán presenta-la cédula de cualificación definitiva como Vivenda de Protección Oficial do inmovible e a documentación acreditativa da titularidade do devandito inmovible (escritura de compra-venda).

ARTIGO 6.- Bonificación para os inmobles que constitúan o obxecto da actividade de empresas de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

1.- De acordo co establecido no artigo 73.1 do TRLRFL, terán dereito a unha bonificación do 50 por cento sobre o cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade de empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova coma de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

2.- O prazo de aplicación desta bonificación abranguerá desde o período impositivo seguinte ó correspondente ó inicio das obras e ata o posterior ó remate destas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, sen que, en ningún caso, a bonificación poida aplicarse a máis de tres períodos impositivos.

3.- Para o goce desta bonificación, os interesados deberán presentar escrito dirixido ó Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Boiro durante o ano correspondente ó inicio das obras, debendo achega-la seguinte documentación:

Copia do recibo do imposto sobre bens inmobles, correspondente ó inmovible ó que se refire a solicitude de exención. No caso de que non se dispoña deste, certificación expedida pola Xerencia Territorial do Catastro de A Coruña, no que se faga consta-la referencia catastral do referido inmovible.

Certificado da concesión da preceptiva licenza municipal que autorice a realización das obras.

Certificación do Técnico-Director das obras de construción, visado polo Colexio Oficial competente, no que se indique a data de inicio das obras.

Documentación que acredite que o inmovible para o que se solicita a bonificación non figura entre os bens do inmovilizado da empresa: cédula de calificación provisional, no caso de vivendas de protección oficial, fotocopia do derradeiro balance de situación presentado ante Facenda ou certificación do censor xurado de contas, no que se faga constar tal circunstancia.

Documentación pola que se acredite que os inmobles ós que afectan as obras constitúe o obxecto da empresa de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria: fotocopia dos estatutos sociais ou fotocopia da declaración de alta no imposto sobre actividades económicas.

4.- Á vista da documentación presentada, o órgano competente do Concello de Boiro dictará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida só producirá efectos para o período impositivo seguinte ó inicio das obras, debendo solicitarse expresamente a súa prórroga para os dous períodos impositivos seguintes, achegando a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos establecidos anteriormente. En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo establecido no apartado 3, dará lugar a inadmisión desta e a conseguinte denegación da bonificación.

ARTIGO 7 .- Bonificación a prol de suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa.

1.- Establécese unha bonificación do 50 % por cento sobre a cota tributaria íntegra aplicable ós bens inmobles de carácter residencial destinados a vivenda habitual e nos que figure

Concello de Boiro



Concello de Boiro

como suxeito pasivo quen ostente a condición de titular dunha familia numerosa, sempre que se cumpran ademais os seguintes requisitos:

a) Que a suma dos valores catastrais de tódolos bens inmobles sitos no término municipal de Boiro, dos que sexan suxeitos pasivos o titular da familia numerosa ou algún dos membros desta, non exceda de 100.000,00 euros.

b) Que a renda dispoñible da unidade familiar, tendo en conta o número de membros desta, non exceda dos límites que figuran na columna dereita do seguinte cadro:

Número membros unidade familiar	Importe máximo de renda dispoñible (euros)
3	20.000,00
4	30.000,00
5	35.000,00
6	39.000,00
7	42.000,00
8	44.000,00
9 ou máis	45.000,00

2.- Para os efectos da aplicación do cadro anterior, considerase renda dispoñible a suma das bases impositivas dos membros da unidade familiar que obteñan rendas suxeitas ó imposto sobre a renda das persoas físicas.

3.- *Os suxeitos pasivos que, cumprindo cos requisitos establecidos no apartado anterior, e sempre que non teñan débedas pendentes por calquera concpeto coa Facenda Municipal, pretendan gozar da bonificación, deberán presenta-la correspondente solicitude dirixida ó señor alcalde-presidente do Concello de Boiro, antes do 31 de xaneiro do ano correspondente ó período impositivo no que pretendan que produza efectos. Xuntamente co escrito deberase achega-la seguinte documentación:*

- Copia compulsada do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.
- Certificado de empadramento do titular da familia numerosa, referido a situación existente a 31 de decembro do ano inmediato anterior, no que consten os membros da unidade familiar que conviven no inmoble para o que se solicita a bonificación.
- Copia compulsada das derradeiras declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas presentadas polo titular da familia numerosa e, no seu caso, por cada un dos membros da unidade familiar que obteña rendas suxeitas ó referido imposto. No caso de non estar obrigados a presentar declaración da Renda, aportarán certificado no que conste que non se ten presentado esta, e nóminas, certificados de retencións ou calquera outro documento que sirva para a determinación da renda dispoñible.

4.- Á vista da documentación presentada, o órgano competente do Concello de Boiro dictará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida só

Concello de Boiro



Concello de Boiro

producirá efectos para o período impositivo no que se insta a súa concesión, debendo solicitarse a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, aportando de novo a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu goce. En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo establecido no apartado 3 anterior, dará lugar a súa inadmisión e a conseguinte denegación da bonificación instada.

ARTIGO 8.-Bonificación a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias do fomento do emprego.

1.- De acordo co establecido no artigo 74.2 quater do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, terá dereito a unha bonificación de ata o 95 por cento sobre o cota íntegra do imposto, sempre que en ditos inmobles de desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistana nunha ampliación das intalacións sempre e cando implique creación de emprego.

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- a) Un 95 por 100 da cota íntegra pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- b) Un 75 por 100 da cota íntegra polo creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- c) Un 50 por 100 da cota íntegra pola creación de ata 10 postos de traballo

2.- O prazo de aplicación desta bonificación abranguerá desde o período impositivo seguinte ao correspondente á solicitude por parte do suxeito pasivo mestres se manteñan os postos de traballo que deron lugar a bonificación, cun máximo de tres períodos impositivos.

3.- Para o goce desta bonificación, os interesados deberán presentar escrito dirixido ó Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Boiro durante o ano no que se inicie unha nova actividade económica ou empresarial de maneira efectiva, ou, no caso de continuar coa actividade económica ou empresarial que se viña desenvolvendo, cando se amplíen as instalacións.

- Copia do recibo do imposto sobre bens inmobles, correspondente ao inmovible ao que se refire a solicitude de bonificación. No caso de que non se dispoña deste, certificación expedida pola Xerencia Territorial do Catastro de A Coruña, no que se faga constar a referencia catastral do referido inmovible.
- Escrituras públicas de propiedade onde acrediten que a empresa ou o autónomo/a solicitante da bonificación é titular do ben inmovible afecto á actividade económica ou empresarial.
- Declaración responsable do representante legal da empresa, no que indique o número de postos creados acompañados dos correspondentes contratos laborais.
- Declaración censal do IAE.
- Licenza de obras da instalación onde se vai desenrollar a actividade económica ou empresarial ou da ampliación.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

4.- Á vista da documentación presentada, o Pleno do Concello de Boiro dictará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concederáse polo Pleno da Corporación, condicionada a comprobación da efectiva creación e mantemento das prazas. A comprobación delegáse polo Pleno na Xunta de Goberno Local, e realizarase da seguinte maneira:

- A empresa beneficiaria da bonificación deberá presentar antes do día 15 de decembro do ano no que solicita a bonificación, así como nos anos nos que solicite a prórroga da mesma, os RNT (antigo TC2), dende NOVEMBRO do exercicio anterior ata OUTUBRO do exercicio en curso, a efectos de poder comprobar polo concello o mantemento dos postos de traballo que deron lugar a bonificación.
- Os postos de traballo serán valorados pola Xunta de Goberno local como media de postos existentes en cada exercicio na empresa.
- No exercicio no que se concede a bonificación o número de postos creados debe ser igual a un número que de lugar ao tramo de bonificación solicitada, senón dará lugar a perda automática da bonificación.

5.-A bonificación concedida só producirá efectos para período impositivo seguinte ao inicio dunha nova actividade económica ou empresarial de maneira efectiva, ou no caso de continuar coa actividade económica ou empresarial que se viña desenrolando, dende o período impositivo seguinte do que efectivamente se amplíen as instalacións e se creen os novos postos de traballo,.

6.-A prórroga deberá solicitarse expresamente antes do 15 de decembro do exercicio anterior para o que se pretende solicitar a prórroga da bonificación, cun máximo de dous períodos impositivos seguintes a aquel para o que se concedeu a bonificación inicialmente, para elo deben presentar:

6.1.- Declaración responsable do representante legal da empresa no que indique o número de postos que se manterán no exercicio en curso dos creados anteriormente e que deron lugar a bonificación.

6.2.- Antes do día 15 de decembro do ano no que solicita a bonificación, así como nos anos nos que solicite a prórroga da mesma, os RNT (antigo TC2), dende NOVEMBRO do exercicio anterior ata OUTUBRO do exercicio en curso, a efectos de poder comprobar polo concello o mantemento dos postos de traballo que deron lugar a bonificación.

.Unha vez comprobado pola Xunta de Goberno os postos de traballo existentes no exercicio, procederáse da seguinte maneira, tendo en conta que o Pleno acorda delegar a esta toma decisión na Xunta de Goberno Local, nos seguintes termos:

6.2.1 Se mantén os mesmos postos, ou o incremento ou diminución permite o mantemento no mesmo tramo de bonificación, acordarase a prórroga nos termos iniciais.

6.2.2 No caso de que pola creación de máis postos de traballo no exercicio da prórroga de lugar a un cambio de tramo na bonificación, acordarase a bonificación que lle corresponda coa prórroga.

6.2.3 No caso de que pola diminución de postos de traballo no exercicio no que se solicita a prórroga, de lugar a un cambio de tramo na bonificación,

Concello de Boiro



Concello de Boiro

acordarase a bonificación que lle corresponda coa prórroga.

En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo establecido no apartado 6, dará lugar a inadmisión desta e a conseguinte denegación da bonificación.

ARTIGO 9.- SISTEMA ESPECIAL DE PAGO.-

1.- Os obrigados ao pago que así o soliciten poderán pagar de forma fraccionada e mediante domiciliación bancaria as débedas polo imposto sobre bens inmobles devengadas a 1 de xaneiro do exercicio, sen que lles sexa esixible o pago de xuros de mora nin a prestación de garantías.

2.- Para acceder a esta modalidade de pago, os obrigados ao pago deberán cumprir os requisitos que de seguido se recollen:

- a) Non ter á data de aprobación do padrón do tributo correspondente ningunha débeda en vía executiva co Concello.
- b) Domiciliar os seus recibos en calquera entidade financeira.
- c) Notificar formalmente ao concello de Boiro a adhesión a este Sistema antes do día 1 de marzo do exercicio no que se pretende a súa aplicación.
- e) Incluír todos os seus recibos polo tipo de ingreso no que se acollen a este sistema

3.- O sistema especial de pagos entenderase automaticamente concedido desde o mesmo día da solicitude sempre que se cumpran todos os requisitos establecidos no parágrafo anterior. No suposto de que a solicitude se presente despois da data indicada, a concesión terá efectos tributarios no exercicio seguinte. De non se cumprir os requisitos establecidos o concello comunicará, antes del inicio del período de pago establecido e en todo caso antes do primeiro prazo, a denegación o a exclusión deste sistema especial de pago ao obrigado ao pago.

Unha vez incluídos os recibos neste sistema de pago entenderase prorrogado tacitamente agás desistimento expreso presentado antes do día 1 de xaneiro do exercicio no que se pretende a exclusión do sistema especial de pago, ou incumprimento de calquera dos prazos.

4.- O obrigado ao pago abonará mediante domiciliación as cotas tributarias fraccionadas, sen xuros de mora e sen obriga de prestar garantías, mediante ol Sistema Especial de Pago nas seguintes datas:

- Primeiro Prazo: 20 de abril
- Segundo Prazo: 5 de xuño
- Terceiro Prazo: 5 de xullo.

5.- O importe de cada fracción será el resultado de dividir o importe do recibo polo número de fraccións.

6.- Cando por causas imputables ao obrigado ao pago a débeda non se faga efectiva no seu vencemento, isto é cando non se pague calquera dos prazos, perderase de maneira automática o dereito a beneficiarse deste sistema de pago, pasando a rexerse polo sistema xeral e, polo tanto:

- a) se o período voluntario de ingreso non tivera finalizado, terase que proceder ao pago integro da débeda dentro do período voluntario de ingreso establecido para o tributo ou ingreso de dereito público;
- b) se o período voluntario de ingreso tivera finalizado, iniciárase a vía de constrinximento pola contía pendente de pago.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

7.- Se o obrigado ao pago decidira adiantar o pago de calquera das fracciónes á data de vencemento sinalada, deberá abonar o importe total do recibo para o que terá que dirixirse ao concello que lle entregará o documento de pago sen que isto supoña a perda do sistema para exercicios posteriores, agás que o interesado así o manifeste.

8.- Calquera modificación na conta de domiciliación deberá de comunicarse con 2 meses de antelación as datas establecidas para o cobro de cada fracción. No suposto de que se presente despois das fechas indicadas, as modificacións terán efecto para a fracción seguinte.

9.- Cando o sistema especial de pago remate anticipadamente sen que o importe abonado permita cancelar o importe das débedas incluídas no sistema, o Concello aplicará os cobros realizados a débeda máis antiga, e se as débedas tiveran a mesma antigüidade a Administración tributaria municipal poderá aplicarlas do xeito que estime máis conveniente. A antigüidade determinarase de acordo coa data en que cada unha fose esixible.”

Disposición final

1. A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 11 de novembro de 2003; entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia Nº 299 de data 31/12/2003, será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2004, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
2. A presente ordenanza foi modificada polo pleno en sesión de 29 de decembro de 2015 e publicada no BOP Nº ____ de data 31 de decembro de 2015
3. A presente ordenanza foi modificada (art. 7.3) no pleno de 29 de setembro de 2016 e publicada no BOP nº 234 de data 13 de decembro de 2016.
4. A presente ordenanza foi modificada por acordo do Pleno de 7 de marzo de 2018 e publicado no BOP n.º 50 de 14/03/2018 (bonificación por fomento de emprego)



Concello de Boiro

Ordenanza Fiscal nº 4.- INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

CAPITULO I

Artigo 1º. Feito imponible:

1. Constitúe o feito imponible do imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos bens.

2. O título a que se refire o apartado anterior poderá consistir en:

- a) Negocio xurídico <<mortis causa>>.
- b) Declaración formal de herdeiros <<ab intestato>>.
- c) Negocio xurídico <<inter vivos>>, sea de carácter oneroso ou gratuito.
- d) Enaxenación en subasta pública.
- e) Expropiación forzosa.

Artigo 2.- Terán a consideración de terreos de natureza urbana os definidos como tales a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeles.

A efectos deste imposto, estará asimesmo suxeito ó mesmo o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmóbeles clasificados como de características especiais a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeles.

Artigo 3º.- Non está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeles. En consecuencia sí estará suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos, ós efectos de dito Imposto sobre Bens Inmóbeles, con independencia de que estén ou non contemplados como tales no Catastro ou no Padrón de aquel.

Non se producirá a subxección ó imposto nos supostos de aportacións de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicacións que ó seu favor e en pago delas se verifiquen e transmisións que se fagan ós cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.

Tampouco se producirá a subxección ó imposto nos supostos de transmisións de bens inmóbeles entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réximen económico matrimonial.

CAPITULO II

Artículo 4º. Exencións obxetivas.- Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia de:

- A) A constitución e transmisión de dereitos de servidume.
- B) As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico, ou fosen declarados individualmente de interese cultural, según o establecido na Lei 16/1985, de 25 de Xuño, do Patrimonio Histórico Español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron ó seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmóbeles.

Artículo 5º. Exencións subxetivas

Concello de Boiro



Concello de Boiro

1. Estarán exentos deste imposto os correspondentes incrementos de valor cando a obriga de satisfacerlo IVTNU recaia sobre as seguintes persoas ou entidades:

- a. O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, ás que pertenza o municipio, así como os Organismos Autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e de ditas entidades locais.
- b. O municipio da imposición e demais entidades locais integradas ou ás que se integre dito municipio, así como as súas respectivas entidades de dereito público de análogo carácter ós Organismos Autónomos do Estado.
- c. As institucións que teñan a calificación de benéficas ou de benéfico-docentes.
- d. As entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas na Lei 30/1995, de 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.
- e. Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto ós terreos afectos ás mesmas.
- f. A Cruz Roxa Española.
- g. As persoas ou entidades a favor das cales se recoñeceu a exención en tratados ou convenios internacionais.

2. Non se devengará o Imposto con ocasión das transmisións de terreos de natureza urbana derivadas das operacións de fusión, escisión e aportación non dinerarias de ramas de actividade e canxe de valores reguladas na Lei 29/1991 de 16 de decembro.

Na posterior transmisión entenderase que o número de anos ó longo dos cales se puxo de manifesto o incremento do valor dos terreos non se interrompiu por causa da transmisión derivada das operacións mencionadas.

CAPITULO III

Artigo 6º.- Suxeitos pasivos.- Terán a condición de suxeitos pasivos deste imposto:

A) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a **título lucrativo**, o adquirente do terreo ou a persoa a favor da cal se constitua ou transmita o dereito real de que se trate.

B) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a **título oneroso**, o transmitente do terreo ou a persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

CAPITULO IV

Artigo 7º. Base imponible.-

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos, posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ó longo dun período máximo de vinte anos.

Ós efectos da determinación da base imponible, haberá de terse en conta o valor do terreo no momento do devengo dacordo co previsto nos apartados 2 e 3 deste artigo, e a porcentaxe que corresponda en función do previsto no artigo 8.

2. O valor do terreo no momento do devengo resultará do establecido nas seguintes regras:

A. Nas transmisións de terreos, o valor dos mesmos no momento do devengo será o que teñan determinado en dito momento ós efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

Non obstante, cando dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflicte modificacións de planeamento aprobadas con posterioridade á aprobación da citada ponencia, poderase liquidar provisionalmente este imposto con arreglo ó mesmo.

Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez se obteña conforme ós procedementos de valoración colectiva que se instruan, referido á data do devengo. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes corríxiranse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ó efecto nas Leis de Presupostos Xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana o integrado nun ben inmovible de características especiais, no momento do devengo do imposto non teña determinado valor catastral en dito momento, o Concello poderá practica-l a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo dito valor ó momento do devengo.

B. Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, as porcentaxes anuais contidas no artigo 8, aplicaranse sobre a parte do valor definido na letra anterior que represente, respecto do mesmo, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas a efectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, e en particular dos preceptivos seguintes:

USUFRUCTO:

1.- Entendese que o valor do usufructo e dereito de superficie temporal é proporcional ó valor do terreo, a razón do 2% por cada período dun ano, sen que poda exceder o 70%.

2.- Nos usufructos vitalicios estimarase que o valor é igual ó 70 por 100 do valor total dos bens cando o usufrutuário conte menos de vinte anos, minorando, a medida que aumenta a idade, na proporción dun 1 por 100 menos por cada ano, co límite mínimo do 10 por 100 do valor.

3.- O usufructo constituído a favor dunha persoa xurídica se establecece por prazo superior a trinta anos ou por tempo indeterminado considerarase fiscalmente como transmisión de plena propiedade suxeita a condición resolutoria.

USO E HABITACION:

O valor dos dereitos reais de uso e cuarto é o que resulta de aplicar o 75% do valor do terreo sobre o que foi imposto, de acordo coas regras correspondentes á avaliación dos usufructos temporais ou vitalicios, segundo os casos.

NUDA PROPIEDAD:

O valor do dereito da nuda propiedade debe fixarse de acordo coa diferenza entre o valor do usufructo, uso ou habitación e o valor total do terreo.

Nos usufructos vitalicios que, ó mesmo tempo, sexan temporais, a nuda propiedade se valorará aplicando, das regras anteriores, aquela que lle atribúa menos valor.

No usufructo a que se refiren os puntos 2 e 3, a nuda propiedade debe valorarse segundo a idade do mais novo dos usufrutuários instituídos.

C. Na constitución ou transmisión de dereito a elevar unha ou máis prantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito de realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, as porcentaxes anuais contidas no artigo 8 aplicaranse sobre a parte do valor definido no párrafo a que represente, respecto do mesmo, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das prantas a construír en voo ou subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

D. Nos supostos de expropiacións forzosas, as porcentaxes anuais contidas no artigo 8 aplicaranse sobre a parte do xustiprezo que corresponda ó valor do terreo, salvo que o valor definido no párrafo a) do apartado 2 anterior fose inferior, prevalecendo neste caso, este último sobre o xustiprezo.

3. Cando se modifiquen os valores catastrais como consecuencia dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, tomarase como valor do terreo, ou da parte deste que corresponda segundo as regras contidas no apartado anterior, o importe que resulte de aplicar ós novos valores catastrais a redución do 40 por 100, que se aplicará respecto de cada un dos cinco primeiros anos de efectividade dos novos valores catastrais.

A redución prevista neste apartado non será de aplicación ós supostos nos que os valores catastrais resultantes do procedemento de valoración colectiva a que o mesmo se refire sean inferiores ós ata entón vixentes.

O valor catastral reducido en ningún caso poderá ser inferior ó valor catastral do terreo antes do procedemento de valoración colectiva.

Artigo 8º.- Porcentaxes anuais.- Sobre o valor do terreo no momento do devengo, derivado do disposto no artigo anterior, aplicaranse as seguintes porcentaxes anuais:

a.- Periodo de ata cinco anos:	2,7
b.- Periodo de ata dez anos:	2,4
c.- Periodo de ata quince anos:	2
d.- Periodo de ata vinte anos	2

Para determinar a porcentaxe, aplicaranse as regras seguintes:

Primeira.- O incremento de valor de cada operación gravada polo imposto determinarase con arreglo á porcentaxe anual fixada para o período que comprenda o número de anos ó longo dos cales se puxo de manifesto dito incremento.

Segunda.- A porcentaxe a aplicar sobre o valor do terreo no momento do devengo será o resultante de multiplicar o porcentaxe anual aplicable a cada caso concreto polo número de anos ó longo dos cales se puxo de manifesto o incremento do valor.

Terceira.- Para determinar a porcentaxe anual aplicable a cada operación concreta conforme á regra 1 e para determinar o número de anos polos que se debe de multiplicar dita porcentaxe anual conforme á regra 2, só se considerarán os anos completos que integren o período de posta de manifesto do incremento de valor, sen que a tales efectos poidan considerarse as fraccións de anos de dito período.

As porcentaxes anuais fixadas neste apartado poderán ser modificadas polas Leis de Presupostos Xenerales do Estado.

.

CAPITULO V

Dédeba Tributaria

Concello de Boiro



Concello de Boiro

SECCION PRIMEIRA

Artigo 9º.- Cota Tributaria

1.- A cota íntegra deste imposto será a resultante de aplicar á base imponible os seguintes tipos:

a.- Periodo de ata cinco anos:	25%
b.- Periodo de ata dez anos:	20%
c.- Periodo de ata quince anos:	15%
d.- Periodo de ata vinte anos	15%

2.- A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra no seu caso, a bonificación a que se refire o artigo 11 desta ordenanza.

Artigo 10º. Bonificación

Establécese unha bonificación de ata o 95 por 100 da cota íntegra do imposto, nas transmisións de terreos, e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes, de acordo co seguinte:

Cota tributaria	Porcentaxe de bonificación
Ata 900,00 euros	95%
Dende 900,01 a 9.000,00 euros	75%
Dende 9.000,01 euros	40%

CAPITULO VI

Artigo 11º.- Devengo

1. O impuesto devéngase:

- a) Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuito, entre vivos ou por causa de morte, na data da transmisión.
- b) Cando se constituía ou transmita calquer dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2. Ós efectos do disposto no apartado anterior considerarase como data da transmisión:

- A) Nos actos ou contratos entre vivos, a do outorgamento do documento público e, cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición

Concello de Boiro



Concello de Boiro

nun Registro Público ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu oficio.

B) Nas transmisións por causa de morte, a do falecemento do causante.

Artigo 12º.- Devengo do imposto. Normas especiais.-

1. Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que dito acto ou contrato non lle tivera producido efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo de cinco anos dende que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucions a que se refire o artigo 1.295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contrato non produza efectos lucrativos, si a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non procederá devolución algunha.

2. Si o contrato fica sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes, non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerarase como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo estimarase a avenencia en acto de conciliación e o simple allanamiento á demanda.

3. Nos actos ou contratos en que medie algunha condición, a súa calificación farase con amaño ás prescripcions contidas no Código Civil. Si fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que esta se cumpla. Se a condición fose resolutoria, esixirase o imposto, a reserva, cando a condición se cumpra, de facer a oportuna devolución según a regra do apartado 1 anterior.

CAPITULO VII

Xestión do Imposto

SECCION PRIMEIRA

Artigo 13º.- Obligas materiais e formais

1. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar ante este Concello declaración según o modelo determinado polo mesmo, contendo os elementos da relación tributaria imprescindible para practica-la liquidación procedente.

2. Dita declaración deberá ser presentada nos seguintes prazos, a contar dende a data en que se produza o devengo do imposto:

- a) Cando se trate de actos <<inter vivos>>, o prazo será de trinta días hábiles.
- b) Cando se trate de actos por causa de morte, o prazo será de seis meses prorrogables ata un ano a solicitude do suxeito pasivo.

3. Á declaración acompañaranse os documentos no que consten os actos ou contratos que orixinan a imposición.

Artigo 14º. -Establecese o sistema de autoliquidación polo suxeito pasivo, que levará consigo o ingreso da cota resultante da mesma dentro dos prazos previstos no artigo 13, excepto cando se trate do suposto a que se refiere o párrafo a) do apartado 2 do artigo 7.

Artigo 15º.- Con independencia do disposto no apartado primeiro do artigo 17 están igualmente obrigados a comunicar ó Concello a realización do feito imponible nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:

Concello de Boiro



Concello de Boiro

a) Nos supostos contemplados na letra a) do artigo 6º da presente Ordenanza, sempre que se produxesen por negocio xurídico entre vivos, o donante ou a persona que constitua ou transmita o dereito real de que se trate.

b) Nos supostos contemplados na letra b) de dito artigo, o adquirente ou a persona a favor da cal se constitua ou transmita o dereito real de que se trate.

Artigo 16º.- Asemade os Notarios estarán obrigados a remitir ó Concello respectivo, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de tódolos documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que se conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito imponible deste imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación dos documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles fosen presentados para coñecemento ou lexitimación de firmas. O previsto neste apartado enténdese sen perxucio do deber xeral de colaboración establecido na Lei Xeral Tributaria.

SECCION SEGUNDA

Inspección e recadación

Artigo 17º.- A inspección e recadación do imposto realizarase dacordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

SECCION TERCERA

Infraccións e Sancións

Artigo 18º.- En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réximen regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e a desenvolvan.

DISPOSICION FINAL.- A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse dende a súa entrada en vigor.

DILIXENCIA PARA FACER CONSTAR que a presente Ordenanza Fiscal foi publicada no BOP nº 217 de 21 de setembro, entrando en vigor o 22 de setembro de 2005.



Concello de Boiro

Ordenanza fiscal nº 5: IMPOSTO S/ CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.-

Artigo 1º. Feito imponible

Constitue o feito imponible do imposto a realización, dentro do término municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obra urbanística, obtivérase ou non dita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este municipio.

Artigo 2º.-Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas ou as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, que sean donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Os efectos previstos no parágrafo anterior terán a consideración de dono da construción, instalación u obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. Teñen a consideración de suxetos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licencias ou realicen as construcións, instalacións ou obras, se non fosen os propios suxeitos pasivos contribuíntes.

Artigo 3º . Base imponible, cuota e devengo

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de rexímenes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción instalación ou obra, nen tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nen calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material.

2. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravamen.

3. A tarifa do imposto será a seguinte:

	Tipo de gravamen
Epígrafe 1º.- Actividade de construción que afecte a bens inmovibles de características especiais (BICESPS)	3,5 %
Epígrafe 2º. Calquera outra actividade de construción non incluída no epígrafe 1º.-	2,8%

4. O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non obtivese a correspondente licenza.

Artigo 4º. - Regras para a determinación da base imponible.

1.- De presentarse proxecto, a base imponible será o importe do presuposto de execución material da construción, instalación ou obra, especificado no proxecto de execucion material.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

2.- No caso de que non se presente proxecto ou se este resultase manifestamente infravalorado a xuízo dos técnicos municipais, será de aplicación o "Catálogo de prezos de Rehabilitación", da Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia aprobado e publicado no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 5º.- Bonificacións

De acordo co establecido no artigo 103.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), establécense as seguintes bonificacións a aplicar sobre a cota correspondente a favor das construcións, instalacións ou obras que sean declaradas de especial interese ou utilidade municipal.-

A) Parque Empresarial de Espiñeira.-

1.- Poderase acordar polo Pleno da Corporación, previa solicitude xustificada do suxeito pasivo, e co voto favorable da maioría simple dos seus membros, as bonificacións que logo se detallan, da cota do imposto a prol das construcións, instalacións ou obras que se empracen no Parque Empresarial de Espiñeira, que sexan declaradas polo pleno de especial interese ou utilidade municipal por concurrir, circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego:

Obra, instalación ou construción realizada no periodo que abrangue dende o remate da Fase onde se ubica a parcela ata:	BONIFICACIÓN
O 1º ano seguinte.....	85%
Do 2º ano ata o 3º ano.....	65%
Do 4º ano ata o 6º ano	50%

2.- Ós efectos de determinación da data de remate da fase onde se ubique a construción, instalación ou obra, tomarase como tal a da acta de recepción da devandita fase. No caso da 1ª fase a data correspóndese co 14 de febreiro de 2001.

3.- Os interesados na concesión desta bonificación deberán presentar solicitude no Rexistro Xeral do Concello mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde-Presidente, acompañando a seguinte documentación:

- ◆ Memoria xustificativa das circunstancias que considera cumpre a instalación, obra ou construción para que sexa declarada polo Pleno como de "especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, históricas-artísticas ou de fomento de emprego".
- ◆ Licencia de 1ª ocupación da obra, instalación ou construción.
- ◆ Licencia da posta en funcionamento da actividade.
- ◆ Compromiso de ingreso da bonificación no caso de perda da mesma polas causas previstas na Ordenanza Fiscal.

4.- A comisión de calquera infracción urbanística na execución do investimento obxecto de bonificación dará lugar á perda automática do beneficio fiscal outorgado, debendo ingresarse na tesourería municipal o importe da bonificación.

B) Suxeito pasivo unha Administración Pública.-

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

1.- Outorgarase bonificación máxima de ata o 95 por 100 da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrir circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, sempre e cando o suxeito pasivo sexa unha Administración Pública, que esta non repercute sobre o contratista as cotas do ICIO e que o investimento obxecto de bonificación se dedique á finalidade prevista durante un mínimo de quince anos.

2.- Este recoñecemento corresponderá ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude xustificada, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

3.-Xunto coa solicitude, a Administración Pública formalizará o compromiso de ingreso da bonificación no caso de perda da mesma polas causas previstas nesta Ordenanza Fiscal, podendo esixi-lo Concello a aportación de garantía suficiente para tal finalidade.

4.- A comisión de calquera infracción urbanística na execución do investimento obxecto de bonificación, ou o incumprimento do prazo mínimo sinalado no punto 1, dará lugar á perda automática do beneficio fiscal outorgado, debendo ingresarse na tesourería municipal o importe da bonificación.

C) Ubicación distinta ao parque empresarial de Espiñeira.-

1.- Poderase outorgar polo pleno da Corporación unha bonificación máxima de ata o 95 por 100 da cota do imposto a prol das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrir circunstancias sociais, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

- ✓ Que o investimento obxecto de bonificación se dedique á finalidade prevista durante un mínimo de quince anos.
- ✓ Que a obra, construción ou instalación estea destinado á xestión integral dos servizos sociais a través de centros de prestación de servizos de atención primaria e especializados (Terceira Idade, infancia, dependencia ou a integración social dos discapacitados), de tal xeito que contribúan á mellora das condicións de vida e sociais das persoas que presentan especiais necesidades de protección social con respecto á autonomía persoal, calidade de vida persoal, familiar e de grupo.

2.- Este recoñecemento corresponderá ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude xustificada, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

3.-Xunto coa solicitude, a entidade ou asociación formalizará o compromiso de ingreso da bonificación no caso de perda da mesma polas causas previstas nesta Ordenanza Fiscal, podendo esixir o Concello a presentación de garantía suficiente para tal finalidade.

4.- A comisión de calquera infracción urbanística na execución do investimento obxecto de bonificación, ou o incumprimento do prazo mínimo sinalado no punto 1, dará lugar á perda automática do beneficio fiscal outorgado, debendo ingresarse na tesourería municipal o importe da bonificación.

D) Fomento do Emprego

1.-De acordo co establecido no artigo 103.2 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, terán dereito a unha bonificación de ata o 95 para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. A gradación da porcentaxe de bonificación



Concello de Boiro

aplicarase do seguinte xeito:

- a) Un 95 por 100 da cota íntegra pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- b) Un 75 por 100 da cota íntegra polo creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- c) Un 50 por 100 da cota íntegra pola creación de ata 10 postos de traballo
-

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aquelas outras que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

2.- Para o goce desta bonificación, os interesados xunto coa solicitude de lizeza deberán presentar un escrito solicitando a bonificación acompañado de:

- Copia do recibo do imposto sobre bens inmobles, correspondente ó terreo onde se vai levar a cabo a obra, instalación ou construción ó que se refire a solicitude de bonificación. No caso de que non se dispoña deste, certificación expedida pola Xerencia Territorial do Catastro de A Coruña, no que se faga consta-la referencia catastral do terreo onde se vai construír o referido inmueble.
- Escrituras públicas de propiedade onde acrediten que a empresa ou o autónomo/a solicitante da bonificación e titular do ben inmueble afecto a actividade económica ou empresarial.
- Declaración responsable do representante legal da empresa no que indique o número de postos creados acompañados dos correspondentes contratos laborais.
- Compromiso de presentación da declaración censal do IAE

3.- Á vista da documentación presentada, o Pleno do Concello de Boiro dictará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concederase polo pleno condicionada a comprobación da efectiva creación e mantemento das prazas. A comprobación delegase polo pleno en Xunta de Goberno Local, e realizarase da seguinte maneira:

A empresa beneficiaria da bonificación deberá presentar nos 30 días seguintes a que remate o prazo dun ano dende a data de fin de obra, os RNT (antigo TC2), correspondentes ao ano de inicio da actividade. No caso de non ter un ano completo de actividade empresarial estará obrigado a presentar os correspondentes dende o inicio efectivo da actividade co compromiso de presentación do resto ata completar un ano, ao efectos de poder comprobar polo concello a creación e mantemento dos postos de traballo que deron lugar a bonificación.

Os postos de traballo serán valorados pola Xunta de goberno local como media de postos existentes durante o primeiro ano da actividade.

No caso de que se verifique que o número de postos creados non sexa igual ao do tramo de bonificación concedida, senón inferior, dará lugar a perda automática da bonificación.

A perda da bonificación implicará que no momento no que se emita a liquidación definitiva polo Concello aplicarase a cota íntegra do imposto sobre o importe total da obra realmente executada.

Artigo 6º . Xestión

Concello de Boiro



Concello de Boiro

1. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar ante este Concello declaración-liquidación, según o modelo determinado polo mesmo, que conterá os elementos tributarios imprescindibles para a liquidación procedente.
2. Dita declaración-liquidación deberá ser presentada no momento de iniciarse a obra, construción ou instalación .
3. No caso de que a correspondente licenza de obras ou urbanística sexa denegada ou non realizada, os suxeitos pasivos terán dereito á devolución das cotas satisfeitas.
4. Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do coste real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Artigo 7º. Inspección e recadación

A inspección e recadación do imposto realizarase dacordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 8º. Infraccións e sancións

En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réximen regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

DISPOSICIÓN FINAL .-

- 1.- A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 11 de novembro de 2003, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia Nº 299 de data 31/12/2003 e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2004, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
- 2.- Coa entrada en vigor desta ordenanza queda derogada a anterior Ordenanza fiscal número 5 que foi publicada no BOP de 18/03/92 e modificada en sesións celebradas polo Concello-Pleno de data 18/02/99, 21/12/00 e 07/11/02.

Dilixencia.- A presente Ordenanza foi modificada:

- Por acordo do Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de novembro de 2004. Foi publicada no BOP Nº 300 de data 31/12/04, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2005.
- Por acordo do Pleno da Corporación en celebrada o 28 de novembro de 2011. Foi publicada no BOP Nº 17 de data 25/01/2012, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación.
- Pleno da Corporación de 13 de marzo de 2014. Decreto de aprobación definitiva Alcaldía de data 29 de abril. Publicado no BOP nº 85 de data 07 de maio de 2014
- Modificación pleno do 7 de marzo de 2018, BOP n.º 500 de 14/03/2018 (bonificación por fomento de emprego)

Concello de Boiro



Concello de Boiro

Ordenanza Fiscal nº 6 .- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS

Artigo 1º.-Fundamento e natureza

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello establece a "Taxa por Licencias Urbanísticas", que se rexirá pola presente ordenanza fiscal, que nas súas normas atende ó previsto no artigo 57 do TRLRFL.

Artigo 2º.- Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a comprobar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire o artigo 178 da Lei sobre o Réxime do solo e Ordenación Urbana, Texto Refundido aprobado polo Real Decreto 1.346/1976, de 9 de abril, e que vaian realizarse no termo municipal, se axústan ás normas urbanísticas, de edificación e policía prevista na citada Lei do Solo e no Plan Xeral de Ordeación Urbana deste Municipio.
2. Non estarán suxeitas a esta taxa as obras de mero ornato, conservación e reparación que se realicen no interior das vivendas.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo

- 1.-Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios ou poseedores, ou, no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as cosntruccións ou instalacións ou se executen as obras.
- 2.-En todo caso, terán a condición de substituto do contribuinte os constructores e contratistas das obras.

Artigo 4º.- Responsables

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38 e ss da Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003, de 17 de decembro)

Artigo 5.- Cota Tributaria.-

A cota tributaria será a cantidade resultante de aplica-las seguintes tarifas:

A) Informes de urbanismo:	
A.1) Informacións urbanísticas:	37,69
A.2) Resto.....	23,60
B) Licenzas de 1ª ocupación/utilización:	0,00
Vivendas unifamiliares:	17,34
Edificios plurifamiliares, por cada local independente:	6,03
Instalacións comerciais ou industriais:	27,89
Galpóns e pequenas construcións similares:	12,07
C) Licenzas de segregación, normalización e similares	75,37
D) Expedientes de ruína:	195,99
Abonaránse ademáis os honorarios dos técnicos non municipais redactores dos	

Concello de Boiro



Concello de Boiro

informes necesarios para a tramitación de ditos expedientes.
E) Resto das licenzas urbanísticas:
E.1).- No caso de construcións, obras e/ou instalacións para as que sexa obrigatorio presentar proxecto, a tarifa será o resultado de aplica-la porcentaxe do 0,75 % sobre o presuposto de execución material contemplado no proxecto técnico de execución, cun mínimo de 13,76 euros .
E.2).- No caso de construcións, obras e/ou instalacións para as que non sexa obrigatorio presentar proxecto, a tarifa será o resultado de aplica-la porcentaxe do 0,5 % sobre o presuposto de execución calculado segundo o "Catálogo de prezos de rehabilitación", da Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia aprobado e publicado no Diario Oficial de Galicia", cun mínimo de 13,76 euros .

Artigo 6.- Exencións, bonificacións e reducións.-

- 1.- No suposto de que o solicitante desista no prazo dun mes dende a solicitude de licenza e sempre que non se teña realizado actuación administración algunha no expediente (informes, requirimentos, etc..., o interesado terá dereito á devolución do 80% do ingresado.
- 2.-No suposto de desestimento no prazo dun mes dende a solicitude da licenza e sempre que no expediente se acredite que se realizou algunha actuación administrativa (informes técnicos ou requirimentos,etc...) o interesado terá dereito á devolución do 30%.
- 3.- Nos restantes supostos, incluído o caso de que se produza o desestimento nunha licenza xa concedida, o interesado non terá dereito á devolución algunha.

Artigo 7º.-Devengo

- 1.-Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo.A estos efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude de licenza urbanística, se o suceso pasivo formulase expresamente esta.
2. Cando as obras se comezaran ou executaran sen ter obtido a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a autorización desas obras ou da súa demolición se non fosen autorizables.
3. A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada, en modo algún, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do proxecto presentado, nen pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza, sen perxuízo do establecido no artigo 6.

Artigo 8.- Procedemento, liquidación e ingreso.

- 1.-Os interesados na obtención de informacions urbanísticas ou licencias presentarán previamente no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, e conxuntamente practicarase liquidación provisional polo importe da taxa, que se ingresará na tesourería municipal.
- 2.-Unha vez resolta a solicitude, practicarase liquidación definitiva, deducindo o ingresado na liquidación provisional, que será notificada ó suceso pasivo de acordo co establecido no artigo 101 apartados 1 e 2 da Lei Xeral Tributaria.
- 3.-As cotas liquidadas e non satisfeitas en período voluntario de cobranza reclamaranse mediante o procedemento administrativo de constrinximento.

Artigo 9º.-Infraccións e Sancións

Concello de Boiro



Concello de Boiro

En todo o relativo á calificación de infracción tributarias, así coma das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Dilixencia.- A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 07/11/02 e publicada no BOP nº 261 e nº 298 de datas 14/11/02 e 30/12/02 respectivamente, e será de aplicación a partir do 01.01.03, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A presente Ordenanza foi modificada por acordos do:

- Pleno da Corporación en sesión 11/11/2003, e publicada no BOP Nº 299 de data 31/12/03.
- Pleno da Corporación en sesión 11/11/2007, e publicada no BOP Nº 300 de data 31/12/04.
- Pleno da Corporación en sesión 10/10/2005 e publicada no BOP nº 287 de 17/12/05.
- Pleno da Corporación en sesión de 9/11/2006 e publicada no BOP nº 297 de 29/12/06.
- Pleno da Corporación en sesión 13/09/07 e publicada no BOP nº 265 de 16/11/07.
- Pleno da Corporación de 13/11/2008 e publicada no BOP nº 296 de 26/12/2008.
- Pleno da Corporación de 12/11/2009 e publicada no BOP nº 274 de 31/12/2009 e corrección de erros BOP Nº 11 de 19 de xaneiro de 2010
- Pleno da Corporación de 13 de marzo de 2014. Decreto de aprobación definitiva Alcaldía de data 29 de abril. Publicado no BOP nº 85 de data 07 de maio de 2014



Concello de Boiro

Ordenanza Fiscal nº 7 REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS, DECLARACIÓNS RESPONSABLES E NO OTORGAMENTO DE LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Boiro establece a Taxa pola Intervención Municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos, a que se refire o art. 20.4.i) do propio Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no art. 57 do citado Real Decreto Lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E DEVENGO.-

1.- O **feito imponible** está determinado polas actuacións municipais desenvolvidas por mor da apertura de establecementos para a verificación de que os mesmos reúnen as condicións requiridas polas Ordenanzas municipais, lexislación urbanística e sectorial de aplicación con carácter previo no caso de concesión de licenzas e posterior á presentación nos casos de presentación de comunicacións previas e declaracións responsables.

2.- **Devengo da taxa.-** Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír dende que se inicia a prestación do servizo, cando se presenta unha comunicación previa ou unha declaración responsable ou no seu caso ao solicitar a oportuna licenza. Cando a apertura tivese lugar sen ter obtido a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar si o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poda instruírse para autorizar a apertura do establecemento ou decretar o seu peche, se non fora autorizable dita apertura. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada, en modo algún pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou polo desistimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

3.-Aos efectos da aplicación deste tributo, considerarase como apertura e, polo tanto, suxeita ao pago da Taxa:

- a) Os primeiros establecementos
- b) Os traslados de locais
- c) Os cambios da actividade desenvolta nos locais, aínda que continúe o mesmo titular, ou a ampliación das actividades exercidas no establecemento.
- d) Os traspasos, transmisións, cesións, cambios na forma da sociedade, unións e fusións de empresas e cambios de denominación social.

4.- Entenderase por establecemento que require a presentación dunha comunicación previa ou unha declaración responsable ou no seu caso, a obtención de licenza para a súa apertura:

Concello de Boiro



Concello de Boiro

- a) Os locais dedicados ao exercicio habitual do comercio. Presumirase dita habitualidade nos casos a que se refire a lexislación mercantil e fiscal e, especificamente, cando a realización da actividade estea suxeita a tributación polo Imposto sobre Actividades Económicas.
- b) Os locais nos que se desenvolva unha actividade económica de carácter comercial, industrial, de servizos, profesional ou artística
- c) Toda edificación habitable cuxo destino principal non sexa a vivenda e que se dedique a:
 - ❖ Casinos, sociedades ou círculos dedicados ao recreo dos seus compoñente ou asociados. As distintas dependencias que, dentro dos locais do casino, sociedade ou círculo sexan destinados a explotacións económicas suxeitas a tributación polo Imposto sobre Actividades Económicas serán obxecto de apertura diferente á principal que se refire ao obxecto social de carácter non lucrativo.
 - ❖ Depósito ou almacén, aínda que estea pechado ao público
 - ❖ Actividades que, tendo ou non un fin lucrativo, impliquen a presenza habitual de persoas no local.
 - ❖ Locais nos que se realicen usos e actuacións contempladas no Regulamento de Actividades Molestas, Nocivas, Insalubres ou Perigosas
 - ❖ Locais e recintos nos que se realicen espectáculos públicos.
 - ❖ Oficinas, despachos, bufetes, escritorios, consultorios ou estudos abertos ao público, onde se exerzan actividades artísticas, profesionais ou de ensinanza con fins lucrativos e suxeitas a tributación polo Imposto sobre Actividades Económicas

5.- Non están suxeitos á obrigaón de contribuír por este concepto, pero si á obrigaón de obter a oportuna licenza municipal as actividades que se exerzan en postos fixos nos mercados municipais.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivo en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria (L.X.T.), titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, no seu caso, que se desenvolva no establecemento.

ARTIGO 4. RESPONSABLES

1.- Serán responsables solidarios da débeda tributaria, as persoas ou entidades a que se refire o art. 42 da L.X.T.

2.- Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e có alcance que sinala o art. 43 da L.X.T.



Concello de Boiro

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE E TARIFAS

1.-As tarifas desta licenza satisfaranse unha sola vez e serán:

- a) En zona urbana ou no Polígono Industrial de Espiñeira: o triplo da cota do imposto de actividades económicas da actividade que se pretenda exercer
- b) En zona non urbana: o dobre da cota do imposto de actividades económicas da actividade que se pretenda exercer

2.-A cota do Imposto de Actividades Económicas (IAE) da actividade que se pretenda exercer será a cota mínima municipal das tarifas fixadas no Decreto Lexislativo 1175/1990, de 28 de setembro, excluindo o elemento superficie dos locais ou calquera outro elemento que non teña a cualificación expresa nas referidas Tarifas. No caso de que a cota mínima municipal estea integrada exclusivamente polo valor do elemento tributario de superficie este será cota mínima municipal.

3.-Cando se trate de axencias, sucursais ou delegacións de empresas non radicadas na localidade, o importe da taxa será, de ser inferior ao determinado no apartado un, como mínimo:

Entidades bancarias, financeiras ou caixas de aforro:	5.321,72 €
Hipermercados, supermercados e centros comerciais:	2.578,98 €
Outras actividades:	1.309,95 €

4.- No caso dos centros comerciais, cada comercio, establecemento ou actividade económica desenvolva no mesmo deberá tramitar a súa apertura independentemente da solicitada polo centro comercial.

5.- No caso de establecementos e espectáculos públicos inferiores a tres meses, os dereitos establecidos reduciranse proporcionalmente o tempo en que realmente estean en funcionamento, tomando a cota do apartado 1 deste artigo como base anual. A cota mínima non poderá ser inferior a 120,00 €.

No suposto de que o solicitante da licenza desista da mesma terá dereito á devolución do 95% da taxa aboada sempre e cando no expediente non se teña realizado actuación administración algunha (informe técnico, requirimento de documentación ó interesado ou calquera outro trámite necesario na súa tramitación). No caso contrario procederá a devolución do 90%.

6.- Cando se trate de actividades mercantís ou industriais exentas ou con cotas cero no imposto de actividades económicas, os dereitos por expedición da licenza de apertura quedarán limitados a unha cota de 266,10 €.

7.-As ampliacións de establecementos para a mesma actividade tributarán por esta taxa con unha cota de tres ou dúas veces, segundo o estipulado no apartado un, o valor do incremento do elemento superficie a efectos do IAE.

8.-As licenzas de cambio de titularidade, nos casos de traspaso, cesión ou transmisión da titularidade das actividades que se desenvolven nos establecementos, condicionados sempre a que non se produza un cambio ou ampliación das actividades desenvoltas no local xa que, neste caso, esixírase a cota

Concello de Boiro



Concello de Boiro

Íntegra de acordo ao apartado un deste artigo, pagarán dunha soa vez e será unha tarifa única de 58,00 €.

ARTIGO 6. BENEFICIOS FISCAIS

Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos na norma con rango de lei ou os derivados da aplicación de tratados internacionais.

NORMAS DE XESTIÓN

ARTIGO 7. DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO

1.-As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura de establecemento industrial ou mercantil presentarán previamente, no rexistro xeral, a oportuna solicitude ou comunicación previa, con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local. Xunto coa solicitude ou comunicación previa, ademais da documentación legalmente establecida en cada caso, deberán acompañar a seguinte documentación:

- Último recibo acreditativo do pago do IAE ou copia compulsada do modelo de alta no IAE
- Xustificante de alta do local no Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) ou último recibo acreditativo do pago do IBI
- Modelo establecido polo Concello, debidamente cumprimentado, e referente á tramitación da alta nos Padróns de lixo, auga e rede de sumidoiros.

2.- Se despois de formulada a solicitude de apertura se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento ou ben se amplía o local inicialmente previsto, estas modificacións deberán se poñerse en coñecemento da Administración Municipal co mesmo detalle e alcance que se esixe na declaración previa no parágrafo anterior.

3.-No momento de solicitar a correspondente licenza, os interesados ou os seus representantes procederán a efectuar a correspondente autoliquidación e a ingresar o seu importe en concepto de depósito previo, que será aplicado á cota que resulte unha vez que sexa concedida a correspondente licenza, procedéndose a súa devolución no caso de que, polas causas non imputables ao interesado, non se prestará o servizo.

4.-Xuntamente co depósito previo, ingresarase o importe estimado dos anuncios que deban publicarse como consecuencia da tramitación do expediente.

5.-Os servizos de xestión tributaria, previamente á concesión da licenza, revisarán a liquidación e pola Intervención Xeral realizarase a fiscalización que corresponda.

6.-Nos supostos de presentación de comunicación previa ou declaración responsable, os obrigados tributarios virán obrigados a presentar ante o Concello autoliquidación segundo o modelo determinado pola Administración Municipal e simultaneamente procederá a ingresar en fondos municipais a cota que resulte.

7.-Non se admitirá a trámite ningunha solicitude sen o xustificante de ingreso do depósito previo.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

ARTIGO 8. RESOLUCIÓN

1.-A Xunta de Goberno Local adoptará a resolución que proceda que será notificada ao interesado e aos servizos municipais aos que competa a execución da mesma, así como ao Servizo de Xestión Tributaria municipal que comprobará a veracidade das declaracións e a exactitude das liquidacións practicadas.

2.-Na mesma resolución procederase a aprobar a liquidación da Taxa de outorgamento da licenza nos supostos de actividades suxeitas a licenza segundo a Ordenanza Municipal.

3.-Nos demais supostos nos que non sexa obrigatoria a obtención de licenza e a actividade se exerza previa presentación de comunicación previa ou declaración responsable, o Servizo correspondente comunicará ao Servizo de Xestión Tributaria os supostos nos que a autoliquidación inicial non alcanza a totalidade de cota, procedéndose por parte da Xestión Tributaria a aprobar a liquidación complementaria que corresponda.

4.-Nos supostos de resolución denegatoria da licenza ou perda de eficacia da comunicación previa ou declaración responsable, procederase á devolución do depósito constituído, unha vez que o acto administrativo sexa firme e sen prexuízo das sancións a que houbera lugar. Do importe a devolver deduciranse as taxas por tramitación do expediente, conforme ao sinalado na Ordenanza reguladora das mesmas.

ARTIGO 9. RENUNCIA, DESESTIMENTO E CADUCIDADE

1.-Antes de que sexa ditado o acto administrativo sobre a concesión da licenza ou no seu caso, dentro dos tres meses seguintes á presentación da comunicación previa ou declaración responsable, os interesados poderán renunciar expresamente á apertura ou desistir da solicitude e obter a devolución do 30% do depósito constituído.

2.-Consideraranse caducadas as licenzas si, despois de concedidas transcorren máis de seis meses sen producirse a apertura dos locais ou, si despois de abertos, se pechan novamente por un período superior aos seis meses consecutivos, salvo nos casos de forza maior. Presumirase que existe esta circunstancia en tanto non transcorran os prazos concedidos para a terminación das obras do edificio ou local no que se estará o establecemento. Nestes casos de caducidade da licenza, obrigado tributario non terá, pola soa circunstancia de non ter realizadas as obras, en todo ou en parte, dereito á devolución se non realizase as obras nos supostos de presentación de comunicación previa ou declaración responsable.

ARTIGO 10. INFRACCIÓN E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da L.X.T.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, onde a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o once de decembro de mil novecentos noventa e un (11/12/91), entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no

Concello de Boiro



Concello de Boiro

Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do un de xaneiro de mil novecentos noventa e dous (01/01/92), permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresas.

Publicada no Boletín Oficial da Provincia do dazaoito de marzo de mil novecentos noventa e dous (18/03/92). Modificada polo Concello-Pleno en sesión celebrada o dazaoito de febreiro de mil novecentos noventa e nove (18/02/99) e vinteún de decembro de dous mil (21/12/00) e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 85 de data dazaseis de abril de mil novecentos noventa e nove (16/04/99) e trinta de decembro de dous mil (30/12/00).

Dilixencias.- A presente Ordenanza foi modificada por:

1. Pleno da Corporación en sesión celebrada o 07/11/02 e publicada no BOP nº 261 e nº 298 de datas 14/11/02 e 30/12/02 respectivamente, e será de aplicación a partir do 01.01.03, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
2. Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de novembro de 2003, publicada no BOP nº 299 de data 31/12/2003, e será de aplicación a partir do 01.01.04, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
3. Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de novembro de 2004, foi publicada no BOP Nº 300 de data 31/12/04, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2005.
4. Pleno da Corporación en sesión de 10 de outubro de 2005 e publicada no BOP nº 287 de 17/12/05, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2006.
5. Pleno da Corporación en sesión de 9 de novembro de 2006 e publicada no BOP nº 297 de 29/12/06, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2007.
6. Pleno da Corporación en sesión de 13 de setembro de 2007 e publicada no BOP nº 265 de 16 de novembro de 2007, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2008.
7. Pleno da Corporación de 13/11/2008 e publicada no BOP nº 296 de 26/12/2008.
8. Pleno da Corporación de 12/11/2009 e publicada no BOP nº 274 de 31/12/2009 e corrección de erros BOP Nº 11 de 19 de xaneiro de 2010.
9. Pleno do 10/05/2012 e publicada no BOP nº 109 de 11 de xuño de 2012
10. Modificada en pleno de 29 de setembro de 2016 (art. 5.5) e publicada no BOP nº 234 de data 13 de decembro de 2016.



Concello de Boiro

Ordenanza Fiscal nº 8 .- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 y 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), este Concello establece a taxa pola expedición de documentos administrativos, que se rexirá pola presente ordenanza fiscal, que nas súas normas atende ó previsto no artigo 57 do TRLRFL.

Artigo 2º.-Feito impositivo

1.-Constitúe o feito impositivo da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida, e de expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais.

2.-A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediase solicitude expresa do interesado.

3.-Non estará suxeita a esta Taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento das obrigas fiscais, así coma as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e á utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens do dominio público municipal, que estén gravados por outra Taxa Municipal ou polos que se esixa un prezo público por este Concello.

Artigo 3º.-Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas e xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria (LXT), que soliciten, provoquen ou na que o interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4º.-Responsables

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38 e seguintes da LXT.

Artigo 5º.-Cota tributaria

1.-A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa Tarifa que contén o artigo seguinte.

2.-A cota da Tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende súa iniciación ata súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.

3.-As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas incrementaranse nun 50 por 100 cando os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes que motivasen o devengo.

Artigo 6º.- Tarifa.- A tarifa á que se refire o artigo anterior estrutúrase nos seguintes

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

epígrafes:

Epígrafe 1º. - Expedición de Licenzas:	
1.1.-Cambios de titularidade nas licenzas de taxi e permiso municipal de conductor:	23,31
1.2.- Cambio de vehiculos nas licenzas de taxis:	11,30
1.3.-Cambio de titularidade no Cemiterio:	11,30
Epígrafe 2º.-Fotocopias, compulsas, bastanteos e endosos	
2.1.-Fotocopias: Por cada cara de folio:	
• Tamaño A-4:	0,23
• Tamaño A-3:	0,34
2.2.-Fotocopias de planos existentes nas oficinas municipais: Por cada cara de folio:	
• Tamaño A-4:	0,58
• Tamaño A-3:	1,14
2.3.-Compulsas de documentos que vaian surtir efecto ante o Rexistro Municipal:	0,58
• Primeiro folio:	1,12
• Por cada un dos restantes:	0,19
2.4.-Bastanteo de poderes:	22,24
2.5.- Dilixencia de endosos:	3,77
Epígrafe 3º.- Documentos do Arquivo Municipal:	
Por expedición de toda clase de copias, certificacións, traslados de acordos, informes que se expidan a petición de parte, referentes a documentos ou actos con antigüidade, computándose	

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

esta por exercicio económico (non de data a data):	
> 1 ano e < a 5 (ata catro anos)	2,08
> ou = 5 anos e < a 10 anos (de 5 anos ata 9 anos)	5,21
> ou = 10 anos (mais de 10 anos)	10,42
Epígrafe 4º.- Atestados e informes Policía Local	
4.1.- Expedición de informes relativos a accidentes de circulación realizados pola Policía Local:	37,69
4.2.- Resto de informes policiais:	7,54
Epígrafe 5º.- Documentos Recadación	
Duplicados de recibos de recadación, expedicións de certificacións de estar ó corrente nas débedas tributarias ou calquera ou informe ou certificación non contemplado nos apartados anteriores	1,87
Epígrafe 6º.- Certificacións do punto de información catastral	
6.1.- Certificación catastral negativa	3,33
6.2.- Certificación descriptiva ou certificación gráfica.	6,66
6.3.- Certificación catastral, gráfica e descriptiva	11,02
6.4. -Certificación catastral, gráfica e descriptiva con lindeiros	13,31
6.5.-Impresión notificacións electrónicas do punto PIC ou calquera outra similar	0,23

Concello de Boiro



Concello de Boiro

Artigo 7º.-Bonificación da cota

Non se concederá bonificación algunha dos importes das cotas tributarias sinaladas na Tarifa desta Taxa.

Artigo 8º.-Devengo

1.-Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuir cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.

2.-Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2º, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que proven a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

Artigo 9º.-Declaración do ingreso

1.-A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, polo procedemento do documento ou expediente, ou nestes mesmos si aquel escrito non existira, ou a solicitude non fora expresa.

2.-Os escritos recibidos polos conductos ós que fai referencia o artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderán dárselles curso sen que se emende a deficiencia, para dito fin requirirase ó interesado para que, no prazo de dez días aboe as cotas correspondentes có apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

3.-As certificacións ou documentos que expida a Administración Municipal en virtude de oficio de Xulgados ou Tribunais para toda clase de pleitos, non se entregarán nin remitirán sen que previamente se satisfacera a correspondente cota tributaria.

Artigo 10º.-Infraccións e Sancións.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como as sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da LXT.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal, onde a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o once de decembro de mil novecentos noventa e un (11/12/91), entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do un de xaneiro de mil novecentos noventa e dous (01/01/92), permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresas.

Publicada no Boletín Oficial da Provincia do dazaioito de marzo de mil novecentos noventa e dous (18/03/92). Foi modificada en Sesións do trinta de decembro de mil novecentos

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

noventa e cinco (30/12/95), vintedous de outubro de mil novecentos noventa e oito (22/10/98) e vinteun de decembro de dous mil (21/12/00) e publicada no Boletín Oficial da Provincia do dez de xaneiro de mil novecentos noventa e seis (10/01/96), vintedous de decembro de mil novecentos noventa e oito (22/12/98) e trinta de decembro de dous mil (30/12/00).

Dilixencia.- A presente Ordenanza foi modificada por:

1. Pleno da Corporación en sesión celebrada o 07/11/02 e publicada no BOP nº 261 e nº 298 de datas 14/11/02 e 30/12/02 respectivamente, e será de aplicación a partir do 01.01.03, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
2. Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 11 de novembro de 2003, publicada no BOP nº 299 de data 31/12/2003, e será de aplicación a partir do 01.01.04, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
3. Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de novembro de 2004, foi publicada no BOP Nº 300 de data 31/12/04, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2005
4. Pleno da Corporación en sesión de 10 de outubro de 2005 e publicada no BOP nº 287 de 17/12/05, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2006.
5. Pleno da Corporación en sesión de 9 de novembro de 2006 e publicada no BOP nº 297 de 29/12/06, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2007.
6. Pleno da Corporación en sesión de 13 de setembro de 2007 e publicada no BOP nº 265 de 16 de novembro de 2007, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2008.
7. Pleno da Corporación de 13/11/2008 e publicada no BOP nº 296 de 26/12/2008. Pleno da Corporación de 12/11/2009 e publicada no BOP nº 274 de 31/12/2009 e corrección de erros BOP Nº 11 de 19 de xaneiro de 2010.
8. A presente ordenanza foi modificada polo Pleno en sesión de 29 de setembro de 2016 (art. 6.6) e publicada no BOP BOP nº 234 de data 13 de decembro de 2016

Asdo./ .



Concello de Boiro

Ordenanza Fiscal nº 9 .- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRO DE AUGA

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.-

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos art. 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), este Concello establece a "TAXA POR SUBMINISTRO DE AUGA", que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, onde as súas normas atenden ó previsto no art. 57 do TRLRFL.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.-

De acordo co previsto nos artigos 57 e 20.1 e 20.4.t) do TRLRFL, constitúe o feito imponible da taxa o subministro e a acometida de auga.

ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO.-

2.1. Suxeito pasivo contribuínte.- Serán suxeitos pasivos da taxa por subministro de auga, en concepto de contribuínte, as persoas físicas e xurídicas, e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT), que soliciten ou resulten beneficiarias ou afectadas por este servizo.

2.2. Suxeito pasivo substituído do contribuínte.- En todo caso, terán a consideración de substituídos do contribuínte na taxa por subministro de auga que beneficie ou afecte ós ocupantes de vivendas ou locais, os propietarios dos inmobles, quen es poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO 4ª.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.-

Non se concederán exencións nen bonificacións, salvo as que se prevean mediante Lei.

ARTIGO 5º.- COTA TRIBUTARIA E TARIFAS.-

A cota tributaria da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas que a continuación se detallan para cada un dos distintos servizos ou actividades.

EPÍGRAFE 1º.- ACOMETIDAS Á REDE MUNICIPAL	
1.1. Vivendas unifamiliares, industriais, obras ou locais	119,94
1.2. Edificios plurifamiliares: Satisfarán as dúas cotas seguintes:	
A) Por acometida á rede:	119,94
B) Por cada local independente	38,46
EPIGRAFE 2º.- SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE:	
2.1. Uso doméstico:	
A) Mínimo trimestral de 30 m3: (euros por metro cúbico)	0,26
B) Excesos do mínimo trimestral: (euros por metro cúbico)	0,28
2.2. Uso industrial e de obras:	

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

A) Mínimo trimestral de 90 m3: (euros por metro cúbico)	0,38
B) Excesos do mínimo trimestral: (euros por metro cúbico)	0,40

Nota: En ningún caso se poderá facturar un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable polo seu subministro. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de **mínimo esixible**.

ARTIGO 6.- DEVENGO

Devéngase a taxa e nace a obrigaón de contribuír:

- Para as novas acometidas, dende o momento de solicita-la preceptiva licenza municipal, ou dende a data en que debeu solicitarse, de omitirse este trámite.
- Na subministración de auga, dende que se inicie a prestación do servizo.

ARTIGO 7.- RÉXIME DE DECLARACIÓN E INGRESO.-

1.-SOLICITUDE DE ACOMETIDA POLO INTERESADO.- Para a tramitación de acometidas, presentárase solicitude no modelo formalizado existente no departamento de Servizos Económicos, e que deberá ser presentado no Rexistro Xeral do Concello, acompañado da seguinte documentación:

a) Caso de vivendas unifamiliares:

- Boletín de instalación.
- Xustificación de ter solicitado a perceptiva licenza de obras.
- Xustificación do abono da autoliquidación do ICIO e taxa por licenza urbanística.
- Xustificación de ter aboada a fianza para responder da realización da acometida, no caso de ser requirida.
- Comunicación dos datos do promotor da acometida.
- N^o de conta bancaria (20 díxitos)
- Copia do recibo de lixo e/ou sumidoiro.

b) Caso de edifícios plurifamiliares:

- Documento de propiedade (público ou privado)
- Boletín de Instalación
- Licenza de 1^a ocupación.
- N^o de conta bancaria (20 díxitos).

2.-INFORME DO FONTANEIRO E CONFORMIDADE DO CONCELLEIRO.- A solicitude deberá ser informada polo fontaneiro municipal e conformada polo Concelleiro Delegado.

3.-PAGAMENTO DA ACOMETIDA E GASTOS DE MATERIAIS POLO INTERESADO (LIQUIDACIÓN PROVISIONAL).- Unha vez autorizada a acometida polo Concelleiro Delegado, procederase ao pagamento da liquidación provisional das correspondentes taxas por acometida á rede xeral, así coma dos gastos de materiais necesarios que presuposten os fontaneiros municipais, previa aprobación polo órgano competente.

O dito ingreso terá o carácter de depósito previo e deberá ser ingresado na conta bancaria designada ao efecto.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

No caso de que o interesado queira aportar os materiais deberase solicitar informe ao fontaneiro municipal sobre as características que estos deben cumprir.

4.-CONCESIÓN DE LICENZA POLO ÓRGANO COMPETENTE E LIQUIDACIÓN DEFINITIVA.- Unha vez concedida a licenza, practicarase liquidación definitiva, deducíndose o importe da liquidación provisional, que se notificará ao interesado segundo o previsto no art. 124.1 da Lei Xeral Tributaria.

5.-PADRÓNS FISCAIS: LIQUIDACIÓNS TRIMESTRAIS.- No caso da subministración, os consumos liquidaranse trimestralmente, xunto coas taxas polo servizo de recollida de lixo e redes de sumidoiros.

Os suxeitos pasivos, a título de contribuínte ou substituto, serán incorporados a un Padrón fiscal, e a obriga de contribuír non cesará mentres os interesados non tramiten a súa baixa ante a Administración Municipal.

Notificada a liquidación de alta, as sucesivas liquidacións por consumos notificaranse de xeito colectivo, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia, segundo o previsto no artigo 101, apartados 1 e 2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria.

No caso de detectarse acometidas sen a perceptiva licenza, serán incorporadas de oficio ao Padrón Fiscal debendo notificárselle liquidación relativa ás taxas de acometida e sen perxuízo da incoación do perceptivo expediente sancionador, regulado no título IV da Lei 58/2003.

As cotas liquidadas e non satisfeitas en período voluntario de cobranza, esixiranse mediante o procedemento de constrinximento.

ARTIGO 8.- NORMAS REGULADORAS DO PROCEDIMENTO DO ENGANCHE.-

1.- O enganche á rede xeral realizarase exclusivamente por parte dos Operarios Municipais, informándolle ao promotor da obra o lugar onde ten que abrir a zanxa, correndo por conta do interesado a obra a realizar así como a reposición do pavimento.

2.- No caso de avarías xurdidas por mor dos traballos de acometida á rede xeral (sumidoiro, teléfono, etc.), o promotor deberá facerse cargo da súa reparación ou aboar os custos que dela se deriven, previa valoración técnica ao respecto.

3.- No caso de que as vivendas unifamiliares se atopen a menos de 25 m de distancia da rede xeral, a apertura da gabiá, compra e instalación de materiais correrá a cargo do promotor. A partires deses 25 m, o concello financiará o 50% da tubería.

4.- Cando o núcleo de vivendas unifamiliares sexa superior a 5 unidades independentes catastralmente, o Concello farase cargo de levar a tubaría desde a rede xeral.

5.- Cando os veciños dun núcleo determinado, cheguen a un acordo cunha empresa, esta deberá informarse cos técnicos do Concello ao fin de determinar o uso dos materiais a empregar. Asemade, deberá tramitar todos os permisos municipais necesarios para levar a cabo a obra.

6.- No caso de vivendas unifamiliares, toda nova acometida esixirá a instalación, en lugar visible e de fácil acceso dende a vía pública, para os operarios municipais, do contador que permita a lectura dos consumos de auga. A súa colocación e custo será por conta do propio interesado. Se a propiedade se atopase delimitada por un peche, o contador instalarase de cara a vía pública, e nunca dentro da propiedade.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

7.- No caso dos edificios plurifamiliares, os contadores deberán estar instalados na planta baixa e perfectamente identificados por vivendas, debendo facilitarse unha copia dos cadros dos contadores que será entregada nas dependencias de recadación.

8.- En ningún caso se poderá proceder o enganche se non está o contador instalado, feito que deberá ser comprobado polos operarios municipais.

9.- Unha vez rematada a obra aportarase o boletín de instalación e licenza de 1ª ocupación.

ARTIGO 9.- SOLICITUDES DE BAIXA OU DESESTIMENTO.-

Toda solicitude de baixa autorizada requerirá o corte da manguera á entrada da vivenda ou edificio, operación que deberá ser realizada polos fontaneros municipais.

As baixas surtirán efecto no trimestre seguinte a aquel no que se solicite, unha vez comprobado o cese do servizo.

Nas licenzas de acometida, de producirse desistimento con posterioridade ao outorgamento da licenza, procederá tan só a devolución do 80% da contía aboada por esta taxa.

ARTIGO 10.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.-

No tocante a cualificación das infraccións tributarias e as súas correspondentes sancións, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributarias e demais normativa aplicable, e de se-lo caso no disposto nos artigos correspondentes do Regulamento do Servicio Municipal de Auga Potable.

DISPOSICION FINAL.-

- A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada inicialmente polo Concello-Pleno en Sesión celebrada o día vintedous de outubro de mil novecentos noventa e oito (22/10/98) e non habéndose formulado reclamacións durante o período de exposición ó público, elevouse a definitiva por Decreto da Alcaldía de nove de decembro de mil novecentos noventa e oito (09/12/98), e foi publicada no Boletín Oficial da Provincia do vinte dous de decembro de mil novecentos noventa e oito (22/12/98).

DILIXENCIA.- A presente Ordenanza foi modificada por:

1. Pleno da Corporación en sesión celebrada o 07/11/02 e publicada no BOP nº 261 e nº 298 de datas 14/11/02 e 30/12/02 respectivamente, e será de aplicación a partir do 01.01.03, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
2. Foi modificada en sesión celebrada polo Concello-Pleno en data vinteun de decembro de dous mil (21/12/00) e publicada no Boletín Oficial da Provincia o trinta de decembro de dous mil (30/12/00).
3. Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 11 de novembro de 2003, publicada no BOP nº 299 de data 31/12/2003, e será de aplicación a partir do 01.01.04, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
4. Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de novembro de 2004, foi publicada no BOP Nº 300 de data 31/12/04, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2005.
5. Pleno da Corporación en sesión de 10 de outubro de 2005 e publicada no BOP nº 287 de 17/12/05, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2006.
6. Pleno da Corporación en sesión de 9 de novembro de 2006 e publicada no BOP nº 297 de 29/12/06, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2007.
7. Pleno da Corporación en sesión de 13 de setembro de 2007 e publicada no BOP nº 265 de 16 de novembro de 2007, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2008.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

8. Foi modificada en sesión celebrada polo Concello-Pleno en data 11/12/2007 sendo aprobada definitivamente por Decreto Alcaldía de data 08/01/2008 e publicada no BOP nº 39 de 16/02/2008.
9. Pleno da Corporación de 13/11/2008 e publicada no BOP nº 296 de 26/12/2008.
10. Pleno da Corporación de 12/11/2009 e publicada no BOP nº 274 de 31/12/2009 e corrección de erros BOP Nº 11 de 19 de xaneiro de 2010

Asdo./ .



Concello de Boiro

Ordenanza nº 10.- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE SUMIDOIRO

Artigo 1º.-Fundamento e natureza

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) , este Concello establece a "TAXA DE SUMIDOIRO", que se rexirá pola presente ordenanza fiscal, que nas súas normas atende ó previsto no artigo 57 do citado TRLRFL.

Artigo 2º.- Feito imponible

1.- Constitúe o feito imponible da taxa:

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede de sumidoiros municipal.

b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas.

c) A realización, polo servizo municipal de saneamento, das análises e probas para comproba-las características dos verquidos, ben sexa para a concesión do permiso de verquido ou por accións de inspección ou comprobación, nos termos previstos no Regulamento municipal dos verquidos non domésticos de augas residuais á rede de sumidoiros do Concello de Boiro.

2.- Non estarán suxeitas á taxa as propiedades derruídas, declaradas ruinosas ou teñan a condición de terreo edificable.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo

1.-Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria (LXT) que sexan:

a) Cando se trate da concesión de licenzia de acometida á rede, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.

b) No caso de prestación de servizos do nº 1b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarias de ditos servizos calqueira que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

c) Os que soliciten o permiso de verquido ou sexan obxecto de actuacións de inspección e comprobación das características dos verquidos.

2.-En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmuebles, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizos.

Artigo 4º.- Responsables

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38 e ss da Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003, de 17 decembro).

Artigo 5º.-Cota Tributaria

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

1.- A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización da **acometida á rede de sumidoiros** esixirase por unha soa vez e será:

1. Acometidas de vivendas unifamiliares, industriais, obras ou locais	118,52
2. Acometida de edificios plurifamiliares: Satisfarán as dúas cotas seguintes:	
A) Por acometida á rede:	118,52
B) Por cada local independente:	38,00

2.- A cota tributaria a esixir pola **utilización das redes de sumidoiros e depuración** determínase pola aplicación conxunta dunha cantidade fixa e dunha cantidade variable resultado de aplicar unha tarifas ós metros de auga consumida:

	cota (€)
Vivendas, cota fixa (30 m3)	11,00
Vivendas, por cada m3 exceso sobre mínimo (30 m3)	0,15
Industrias, cota fixa (90 m3)	34,06
Industrias, por cada m3 exceso sobre mínimo (90 m3)	0,25

3.-O mínimo trimestral coincide co fixado na taxa de subministro de auga, é dicir, 30 m3 no caso do consumo doméstico e 90 m3 no caso consumo industrial.

4.- No caso de inmoables carentes de subministro municipal de auga potable, a taxa coincidirá coa cantidade fixa da cota tributaria (mínimo trimestral).

5.- Para a reposición do pavimento que poida deteriorarse como consecuencia das obras tarifadas, constituirase unha fianza segundo a seguinte escala:

- Con carácter xeral, ata 3 m: 300,00 euros.
- A partir dos 3 m.: 300,00 euros + 35,00 euros cada metro lineal.

6.- Aos efectos meramente informativos deberase publicar na páxina web do Concello as tarifas vixentes para cada trimestre. Dita publicación deberá coincidir co prazo de exposición ó público do Padrón Fiscal de Auga, lixo e sumidoiro.

7.- As tarifas que se esixirán con ocasión da **práctica das análises** establecidas no Regulamento municipal de **Verquidos**, deberán axustarse ás seguintes contías:

Parámetros	
PH	
Conductividade	
Sólidos en suspensión totais	
D.B.O. ₅	
D.Q.O.	

Concello de Boiro



Concello de Boiro

Fósforo total	
Nitróxeno amonacal	
Sulfuro	
Aceites e graxas	
Recollida e envío mostra laboratorio	

Por inspección e informe:	
---------------------------	--

Artigo 6º.-Exencións e bonificacións

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente Taxa.

Artigo 7º.-Devengo

1.-Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendéndose iniciada a mesma:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipais. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza de acometida e sen perxuício da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2.-Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do Municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas en que existe sumidoiro, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de 100 m., e se devengarán a Taxa aínda cando os interesados non procedan a efectua-la acometida á rede.

3.-Unha vez establecido e en funcionamento o servizo, a taxa devénganse o primeiro día da cada trimestre natural.

Se o inicio ou cese débese ó cambio do suxeito pasivo, a obriga tributaria do pago do trimestre corresponderá a quen a fora orixinariamente no trimestre de dito inicio ou cese.

4.- As tarifas esixibles con ocasión da realización das análises e emisión de informes, así como das actuacións de comprobación e inspección ás que se refire o Regulamento municipal de verquidos, devengaranse no momento de solicita-la correspondente licenza de verquido ou no momento de inicia-las actuacións de comprobación e inspección.

Artigo 8º.-Declaración, liquidación e ingreso

1.- Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos á Taxa, no prazo que medie entre a data en que se produza a variación na titularidade da finca e o derradeiro día do mes natural seguinte. Estas derradeiras declaracións surtirán efecto a partires da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación de ditas declaracións de altas e baixas.

A inclusión inicial no Censo farase de oficio unha vez concedida a licenza de acometida á rede.

2.- As cotas esixibles pola taxa prestación dos servizos obxecto desta Ordenanza

Concello de Boiro



Concello de Boiro

liquidaranse e recadaranse trimestralmente mediante a elaboración dun Padrón fiscal ou matrícula, xunto coas taxas pola prestación dos servizos de recollida do lixo e abastecemento municipal de auga potable.

3.-No suposto de licenza de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste Concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será modificada para ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

4. As cotas desta taxa liquidadas e non satisfeitas en período voluntario de cobranza, esixiranse mediante o procedemento administrativo de constrinximento.

5.- O cobro dos recibos periódicos realizarase exclusivamente a través da Entidade Caixa Galicia, en virtude de contrato asinado en data 30 de xuño de 1997, agás os recibos que foran domiciliados, os cales serán cargados na conta sinalada ó efecto polos interesados, a través da entidade antes mencionada.

ARTIGO 9.- Infraccións e sancións.

No tocante a cualificación das infraccións tributarias e as súas correspondentes sancións, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributarias e demais normativa aplicable, e de se-lo caso no disposto nos artigos correspondentes do Regulamento do Servizo Municipal de Auga Potable.

Disposición final.-

A presente ordenanza fiscal, onde a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o once de decembro de mil novecentos noventa e un (11/12/91), entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do un de xaneiro de mil novecentos noventa e dous (01/01/92), permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresas.

Publicada no Boletín Oficial da Provincia do dazaioito de marzo de mil novecentos noventa e dous (18/03/92). Foi modificada en Sesións do catorce de novembro de mil novecentos noventa e cinco (14/11/95) , vintedous de outubro de mil novecentos noventa e oito (22/10/98) e vinteun de decembro de dous mil (21/12/00) e publicada no Boletín Oficial da Provincia do dez de xaneiro de mil novecentos noventa e seis (10/01/96), vintedous de decembro de mil novecentos noventa e oito (22/12/98) e trinta decembro de dous mil (30/12/00).

Dilixencia.- A presente Ordenanza foi modificada por:

1. Pleno da Corporación en sesión celebrada o 07/11/02 e publicada no BOP nº 261 e nº 298 de datas 14/11/02 e 30/12/02 respectivamente, e será de aplicación a partir do 01.01.03, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
2. Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 11 de novembro de 2003, publicada no BOP nº 299 de data 31/12/2003, e será de aplicación a partir do 01.01.04, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
3. Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de novembro de 2004, foi publicada no BOP Nº 300 de data 31/12/04, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2005.
4. Pleno da Corporación en sesión de 10 de outubro de 2005 e publicada no BOP nº 287 de 17/12/05, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2006.
5. Pleno da Corporación en sesión de 9 de novembro de 2006 e publicada no BOP nº 297 de 29/12/06, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2007.
6. Pleno da Corporación en sesión de 13 de setembro de 2007 e publicada no BOP nº 265 de 16 de novembro de 2007, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2008.
7. Pleno da Corporación de 13/11/2008 e publicada no BOP nº 296 de 26/12/2008, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2009.

Concello de Boiro



Concello de Boiro

8. Pleno da Corporación de 12/11/2009 e publicada no BOP nº 274 de 31/12/2009 e corrección de erros BOP nº ____ xaneiro de 2010
Asdo./ .



Concello de Boiro

Ordenanza Fiscal nº 11 .- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO

Artigo 1º.-Fundamento e natureza

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), este Concello establece a "TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO", que se rexirá pola presente ordenanza fiscal, que nas súas normas atende ó previsto no artigo 57 do citado TRLRFL.

Artigo 2º.- Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos donde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2. A tal efecto, consideranse lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritus humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou que a súa recollida ou verquido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3. Non está suxeita á Taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

- a) Recollida de lixos e residuos non calificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de escorias e cinzas de calefaccións centrais.
- c) Recollida de escombros de obras.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos

1.-Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título propietario ou de usufrutuarios habitacionista, arrendatario ou, incluso de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto de contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas.

Artigo 4º.- Responsables

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.-Exencións

As exencións e bonificacións aplicables ó abeiro desta Ordenanza serán as recollidas pola lexislación vixente.

Artigo 6º.-Cota tributaria

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles:

2.- A tal efecto, aplicarase as seguintes tarifas:

A) Vivendas unifamiliares e baixos comerciais sen actividade (nota 1)	19,00
B) Comercios, tendas en xeral e profesionais independentes, todos eles de menos de 100 m ²	34,96
C) Comercios, tendas en xeral e profesionais independentes, todos eles de 100 ou máis m ²	52,15
D) Gasolineiras, almacéns, obradoiros e garaxes, todos eles de menos de 100 m ² :	43,78
E) Gasolineiras, almacéns, obradoiros e garaxes, todos eles de 100 ou máis m ² :	86,21
F) Cafés, bares, restaurantes, salas de festa, discotecas, clubs, teatros, pubs, cines e similares, todos eles de menos de 100 m ² :	57,00
G) Cafés, bares, restaurantes, salas de festa, discotecas, clubs, teatros, pubs, cines e similares, todos eles de 100 ou máis m ² :	86,21
H) Hostais, fondas e casas de turismo rural:	52,33
I) Bancos, Caixas de Aforro, farmacias, restaurantes con vodas, clínicas médicas e veterinarias, pompas fúnebres e tanatorios:	87,44
J) Hoteis, supermercados de máis de 120 m ² , fábricas e industrias:	174,94
K) Galpóns e outros (nota 2)	9,49
Nota (1): No caso dos baixos comerciais deberán estar sen actividade (comercial, industrial...) e sempre e cando estean en situación de ser utilizados.	
Nota (2): No caso dos galpóns terán entidade propia e independencia da vivenda unifamiliar, é dicir, aqueles galpóns ubicados nunha parcela na que non existe unha vivenda.	

Concello de Boiro



Concello de Boiro

Artigo 7º.- Devengo

1.- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir dende o intre en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose realizada a súa utilización polos titulares de vivendas e locais existentes na zona cuberta polo servizo, ben por estar no itinerario ou ben por esta-la zona de influencia contenerizada, por ter carácter de recepción obrigatoria de acordo co establecido na Lei de Residuos sólidos urbanos de Galicia e polo Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

2.- Ós efectos de determina-la "zona de influencia contenerizada" enténdese que a distancia entre vivenda ou local e o lugar habilitado para o depósito do lixo non sexa superior a 300 mts.

3.- Establecido e en funcionamento o servizo, as cotas devénganse o primeiro día da cada trimestre natural.

ARTIGO 8.- Declaración e ingreso.-

1.- Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se devengue por primeira vez a Taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición no correspondente Padrón Fiscal, presentado ó efecto a preceptiva declaración de alta.

2.- Cando se coñeza, xa de oficio ou ben por comunicación dos interesados, calquera variación nos datos reseñados no Padrón Fiscal, levaranse a cabo neste as modificacións correspondentes, que surtirán efecto a partir do período de cobranza seguinte á data na que se efectúe a declaración. No caso de baixa na actividade que se exerce no local, ós efectos da baixa no Padrón de lixo tomarase como referencia a data de cese na actividade que consta no modelo de baixa no IAE que se presenta ante a Axencia Tributaria.

3.- O cobro das cotas efectuaranse trimestralmente, notificando as liquidacións colectivamente mediante a inserción de anuncios no BOP de acordo co previsto no artigo 101.1 e 101.2 da Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003, de 17 de decembro).

Artigo 9.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así coma das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e ss. da LXT.

Disposición final.- A presente ordenanza fiscal, onde a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o onze de decembro de mil novecentos noventa e un (11/12/91), entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do un de xaneiro de mil novecentos noventa e dous (01/01/92), permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresas.

Publicada no Boletín Oficial da Provincia do dazaoito de marzo de mil novecentos noventa e

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

dous (18/03/92). Foi modificada en Sesións do catorce de novembro de mil novecentos noventa e cinco (14/11/95), vintedous de outubro de mil novecentos noventa e oito (22/10/98) e vinteun de decembro de dous mil (21/12/00) e publicada no Boletín Oficial da Provincia do dez de xaneiro de mil novecentos noventa e seis (10/01/96), vintedous de decembro de mil novecentos noventa e oito (22/12/98) e trinta de decembro de dous mil (30/12/00).

Dilixencia.- A presente Ordenanza foi modificada por:

1.- Pleno da Corporación en sesión celebrada o 07/11/02 e publicada no BOP nº 261 e nº 298 de datas 14/11/02 e 30/12/02 respectivamente, sendo de aplicación a partir do 01.01.03 ata a súa modificación ou derogación expresa.

2.- Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 11 de novembro de 2003, publicada no BOP nº 299 de data 31/12/2003, sendo de aplicación a partir do 01.01.04 ata a súa modificación ou derogación expresa.

3.- Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de novembro de 2004, foi publicada no BOP Nº 300 de data 31/12/04, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2005 ata a súa modificación ou derogación expresa.

4.- Pleno da Corporación en sesión de 10 de outubro de 2005 e publicada no BOP nº 287 de 17/12/05, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2006 ata a súa modificación ou derogación expresa.

5.- Pleno da Corporación en sesión de 9 de novembro de 2006 e publicada no BOP nº 297 de 29/12/06, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2007 ata a súa modificación ou derogación expresa.

6.- Pleno da Corporación en sesión de 13 de setembro de 2007 e publicada no BOP nº 265 de 16 de novembro de 2007, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2008.

7.- Pleno da Corporación de 13/11/2008 e publicada no BOP nº 296 de 26/12/2008, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2009.

8.- Pleno da Corporación de 12/11/2009 e publicada no BOP nº 274 de 31/12/2009 e corrección de erros BOP Nº 11 de 19 de xaneiro de 2010

Asdo./ .